

# CUADRANTE



ACERCAMIENTO A VALLE-INCLÁN: DE 1963  
HASTA EL PRESENTE

VALLE-INCLÁN Y LA RUSIA SOVIÉTICA

FLORA VALLEINCLANIANA. O MUNDO VEXETAL  
NA OBRA DE VALLE-INCLÁN. GALICIA II

ANTÓN RISCO, CRÍTICO DE VALLE-INCLÁN

EL RESCATE ESCÉNICO DE LUCES DE BOHEMIA  
POR TAMAYO BAJO EL FRANQUISMO

Nº 18

*Amigos  
Valle Inclán*

Vilanova de Arousa





# CUADRANTE



Revista cultural da

“Asociación Amigos de Valle-Inclán”

Amigos  
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

## CUADRANTE

PRAZA VELLA, 9  
VILANOVA DE AROUSA.  
APARTADO DE CORREOS Nº 66  
www.amigosdevalle.com  
Xullo 2009

### Director:

Gonzalo Allegue

### Subdirector:

Francisco X. Charlín Pérez

### Secretario de redacción:

Víctor Viana

### Consello de Redacción:

Xosé Luis Axeitos  
Ramón Martínez Paz  
Xaquín Núñez Sabarís  
Xosé Lois Vila Fariña  
Ramón Torrado  
Sandra Domínguez Carreiro

### Xestión e administración:

Pablo Ventoso Padín  
Ángel Varela Señoráns

### Ilustracións:

Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos*)

### Deseño e maquetación:

Nieves Loperena

### Imprime:

Gráficas Salnés, S.L.

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.B.N.: 84-87709-99-0

*Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.*

*A responsabilidade das opinións vertidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.*

## SUMARIO:

Robert Lima:

*Acercamiento a Valle-Inclán: de 1963 hasta el presente* ..... páx. 5

Joaquín del Valle-Inclán Alsina

*Valle-Inclán y la Rusia soviética* ..... páx. 15

Manuel Agromayor Mira

*Flora valleinclaniana. O mundo vexetal na obra de Valle-Inclán. Galicia II* ..... páx. 22

Francisco X. Charlín Pérez

*Antón Risco, crítico de Valle-Inclán* ..... páx. 58

Emilie Mouthon


*El rescate escénico de Luces de Bohemia por Tamayo bajo el franquismo* ..... páx. 83



Esta revista ha recibido una ayuda de la Dirección General del Libro Archivos y Bibliotecas para su difusión en bibliotecas, centros culturales y universidades de España, para la totalidad de los números editados en el año 2007

## CEDRO

La Editorial a los efectos previstos en el artículo 32.1 párrafo segundo del vigente TRLPI, se opone expresamente a que cualquiera de las páginas de *Cuadrante* o partes de ella sean utilizada para la realización de resúmenes de prensa. Cualquier acto de explotación de la totalidad o parte de las páginas de *Cuadrante* precisará de la oportuna autorización que será concedida por CEDRO mediante licencia dentro de los límites establecidos en ella.



# FLORA VALLEINCLANIANA. O MUNDO VEVEETAL NA OBRA DE VALLE-INCLÁN. GALICIA (II)

Manuel Agromayor Mira  
Biólogo

**C**ontinúo neste número a exposición das especies vexetais mencionadas por Valle-Inclán nas súas obras ambientadas en Galicia. No número anterior de Cuadrante comentei as plantas incluídas nos capítulos: AROMAS E PERFUMES, FLORES, HERBAS, PLANTAS TÉXTILES e CEREAIS. Na presente entrega examino os vexetais, integrados nos capítulos: ÁRBORES E ARBUSTOS.

## ÁRBORES

Cerró la noche y comenzó a ventar en ráfagas que pasaban veloces y roncadas, inclinando los árboles sobre el camino, con un largo murmullo de todas sus hojas. (“A Media Noche”. *Jardín Umbrío*, p. 142).


As ÁRBORES son plantas lonxevas capaces de desenvolverse en altura grazas a un tronco leñoso que se ramifica a certa distancia do solo. Caracterízanse por presentar madeira, tamén chamada *xilema secundario*, producida por unha capa de células, o *cambium vascular*, situada baixo a codia. A xénese de madeira é un

proceso repetitivo que deposita un estrato sobre o precedente<sup>1</sup>. Este proceso visualízase claramente observando os aneis de crecemento nun tronco cortado. Antes de pasar a comentar cada especie arbórea en particular, presento textos nos que aparece o termo xenérico “árbole”, voz que soe presentar función descriptiva,

Bajo los viejos árboles, que cuentan la edad del palacio, los mendigos se arrodillan y rezan a coro. Las campanas de la aldea tocan a lo lejos y pasa su anuncio sobre la fronda del jardín como un vuelo de tórtolas. (*El Marqués de Bradomín*, p. 219).

Las luces se acercan por entre los árboles. Algunos aldeanos traen a la mujer ahogada en unas andas de ramaje, cubiertas con una sábana blanca. La cabellera de la muerta cuelga fuera. (*Águila de Blasón*, p. 171).

Algunos árboles muy viejos, arraigados entre peñascales, se inclinaban sobre el mar, y sufrían el salsero de las olas que entraban en los



<sup>1</sup> Os estratos máis recentes, formados nos últimos ciclos de crecemento, soen ser máis claros e reciben o nome de *albura*; os máis antigos localízanse na zona central do tronco e forman o *duramen*.

socavones del monte<sup>2</sup>. (*Los Cruzados de la Causa*, p. 188).

pero que nalgúns casos amosa función simbólica. As árbores soen representar protección e arraigo,

¡No me desampares, Pedro Bolaño! ¡Era flor de ese gran árbol esa prenda muerta! (“El Embrujado”. *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*. p. 149).

Tu amor tiene en mi alma raíces tan profundas como esos árboles que vemos desde aquí. (*El Marqués de Bradomín*, p. 248).

¡Era la madre de los pobres! ¡Fruto de buen árbol! ¡Tierra de carabeles! (*Romance de Lobos*, p. 94).

pero simbolizan morte e desgraza se aparecen en compañía de corvos,<sup>3</sup> como sucede nos seguintes textos de *Flor de Santidad* e *Águila de Blasón* que relatan senllos sonos de Ádega e Doña María:

Iba caminando guiada por el claro de la luna que temblaba milagroso ante sus zuecos de aldeana. Sentíase el rumor de una fuente rodeada por árboles llenos de cuervos. El peregrino se alejaba bajo la sombra de aquellos ramajes. Las conchas de su esclavina resplandecían como

estrellas en la negrura del camino. Una manada de lobos rabiosos, arredrados por aquella luz, iba detrás... Súbitamente la pastora se despertó. (*Flor de Santidad*, p. 115).

Van el NIÑO JESÚS y DOÑA MARÍA, perdidos por el monte, y se sientan a descansar en la orilla de un camino. El arco iris cubre el cielo y doce campanas negras doblan a muerto en la lejanía: Las doce campanas cuelgan, como doce ahorcados, de las ramas de un árbol gigante. [...] Se alejan por el sendero, hacia el árbol de cuyo ramaje cuelgan las doce campanas, y al acercarse las hallan convertidas en doce cuervos que vuelan graznando sobre sus cabezas. DOÑA MARÍA se estremece. (*Águila de Blasón*, p. 135).

Neste capítulo inclúo árbores que medran de forma espontánea no territorio galego, especies arbóreas plantadas para repoboación forestal e algunhas árbores exóticas que non se atopan nestas latitudes, como o ébano, o caneleiro, a cafeeira ou o campeche, pero das que Valle cita algún produto. As árbores cultivadas polos seus froitos ou plantadas para ornamento de xardíns coméntoas nos seus apartados respectivos.

## PIÑEIRO

Fala MICAELA LA ROJA en *Águila de Blasón*:

Oigan al rapaz. Cuenta que le seguían unos hombres que estaban ocultos en el Pinar de los Frailes. (*Águila de Blasón*, p. 57).

O piñeiro máis abundante en Galicia é o PIÑEIRO BRAVO<sup>4</sup> ou PIÑEIRO DO PAÍS, *Pinus pi-*

<sup>2</sup> Outros exemplos nos que as árbores forman parte dunha descripción paisaxística: “Las sombras de los árboles son muy aparentes, y cuando el alma está sobresaltada, los ojos están llenos de figuras y espantos.” (*Águila de Blasón*, p. 68). “Rumor de viento en las mieses: La queja del molino, en un grupo de árboles, alarga las vocales del miedo.” (*Cara de Plata*, p. 121). “Por una ventana abierta, que cae al jardín, alcánzase a ver en esbozo fantástico masas de árboles que se recortan sobre el cielo negro y estrellado.” (“Rosarito”. *Jardín Umbrío*, p. 170). “Fuera se oía el viento, que sacudía los árboles del jardín, y el rumor de una fuente.” (“Beatriz”. *Jardín Umbrío*, p. 100). “No anochece... Son los árboles que aquí hacen oscuro, mi reina.” (“Eulalia”. *Corte de Amor*, p. 62). “Gorjeaban los pájaros ocultos en las copas oscuras de los árboles.” (“Eulalia”. *Corte de Amor*, p. 69).

<sup>3</sup> Os corvos amosan unha simboloxía complexa; pero na nosa cultura, debido á cor negra do seu plumaxe, hábitos necrófagos e berro lúgubre, soen ser aves de mal agoiro.

<sup>4</sup> Outros piñeiros plantados en Galicia son: PIÑEIRO MANSO (*Pinus pinea*), atópanse exemplares illados ou en pequenos grupos polas zonas litorais; PIÑEIRO DE REPOBOACIÓN (*Pinus radiata*), orixinario de Monterrei (California) é utilizado para repoboación, especialmente na franxa litoral, dende os anos 50 do século pasado; PIÑEIRO ROXO (*Pinus sylvestris*), plantado en zonas de altitudes superiores aos mil metros.

naster<sup>5</sup>, unha especie orixinaria da rexión mediterránea que non chegou ao territorio galego ata o século XVIII, pero que, debido as continuas repoboacións realizadas durante os últimos douscentos anos<sup>6</sup>, substituíu ao carballo como árbore máis característica da nosa paisaxe, e atópase naturalizado por todo o territorio galego<sup>7</sup>. Ádega, a rapaza protagonista de *Flor de Santidad*, traballa de criada nunha pousada situada

[...] en mitad de un descampado donde sólo se erguían algunos pinos desmedrados y secos. El paraje de montaña, en toda sazón austero y silencioso, parecía más bajo el cielo encapotado de aquella tarde invernal. (*Flor de Santidad*, p.77).


Nun momento posterior da novela aparece a seguinte descrición da mesma paraxe:

Cuando llegaron al descampado de la venta, ya todo era oscuridad en torno. Brillaban sólo algunas estrellas remotas, y en la soledad del pa-

<sup>5</sup> O xénero coincide co nome que os romanos lle daban a estas árbores (deriva do celta *pin*, pedra, pois estas árbores soportan ben os terreos pedregosos); o nome específico é o nome latino de certos piñeiros silvestres.

<sup>6</sup> No ano 1752, segundo datos procedentes do catastro do marqués de la Ensenada, soamente un 5% da superficie da provincia de Pontevedra presentaba cobertura arbórea, correspondendo o 76% a carballeiras, o 10% a soutos de castiñeiros, o 2% a piñeirais e o 12% restante a bosques de ribeiras ou ripisilvas e a outras agrupacións arbóreas. Para remediar este gravísimo problema de deforestación que afectaba a Galicia, a finais do século XVIII incentivouse a repoboación forestal dos nosos montes.

<sup>7</sup> Existe constancia da presenza de piñeiros en Galicia durante a última glaciación, hai máis de 10.000 anos; e, dada a climatoloxía fría e húmida de dita época, poderían pertencer á especie *Pinus mugo*. Durante o Período Atlántico, que empezou hai uns 9.500 anos, o clima faise cálido e húmido e os piñeiros formaban bosques mixtos, primeiro con bidueiros (*Betula*), e despois con bidueiros e carballos (*Quercus*). Cando empeza o Período Subatlántico, fai 2800 anos, predominan os carballos e quedan moi poucos piñeiros. Durante este período adquiren gran relevancia os bosques de castiñeiros (*Castanea*), introducidos polos romanos fai uns 2000 anos. Así pois os piñeiros galegos actuais son unha repoboación.



raje oíase bravío y ululante el mar lejano, como si fuese un lobo hambriento escondido en los pinares. (*Flor de Santidad*, p.103).

Cerca da pousada atópase a aldea de San Clodio,

[...] agrupada en la falda de un monte, entre foscos y sonoros pinares.<sup>8</sup> (*Flor de Santidad*, p.78).

Os piñeiros son árbores monoicas<sup>9</sup> e resinosas duns 20 metros de altura, coa casca

<sup>8</sup> Valle alude ao son do vento entre os piñeiros no seguinte parágrafo: “La luna se ocultaba en el horizonte, el camino oscurecía lentamente, y en los pinares negros y foscos se levantaba gemidor el viento.” (*Flor de Santidad*, p. 103). Tamén se refire ao vento cando escribe en “Lluvia”: “algunas veces, al caer la tarde, se le oía escondido en los pinares quejarse con voces del otro mundo”. (“Lluvia”. *Varia Prosa*, p. 1444.)

<sup>9</sup> Son especies monoicas as que presentan ambos sexos na mesma planta —poden ter flores unisexuais ou hermafroditas—. Nas especies diocas ambos sexos están separados en individuos distintos, presentando plantas masculina e plantas femininas.

fendida en grandes placas rectangulares e follas perennes, aciculares e coriáceas.<sup>10</sup> As follas secas acumuladas nos piñeirais empregábanse como combustible. Un uso que se ilustra nos seguintes textos: Algunhas tardes, cando recorría as rúas de Viana de Prior para dirixirse a súa horta; EL SEÑOR GINERO

[...] asomaba la cabeza por alguna puerta llena de humo, ese humo pobre de la pinocha, con olor de sardinas asadas. (*Los Cruzados de la Causa*, p. 105).

En *Cara de Plata*, da casa do Sacristán sae

[...] en bocana por las tejas humo de pinocha y olor de sardinas asadas. (*Cara de Plata*, p. 125).

Florece entre abril e maio con flores unisexuais. O froito é un estróbilo (piña) que madura no verán do seguinte ano á floración. As sementes ou piñóns presentan unha á escamosa para favorecer a súa dispersión polo vento. Son árbores de crecemento rápido que soen vivir entre douscentos e trescentos anos. Poden medrar en solos silíceos e empobrecidos,<sup>11</sup> polo que se emprega para repoboar areais e fixar dunas. Nas dunas dunha praia está situado o pinar do Rei, escenario do se-

<sup>10</sup> As follas dos piñeiros coñécense cos nomes de *frouma*, *faías*, *agullas* e *arume*; con esta última denominación refírese a elas Eduardo Pondal no seu famoso poema dedicado aos piñeiros:

¿Qué din as altas copas  
de escuro arume arpado  
co seu ben compasado  
monótono fungar?

<sup>11</sup> A meteorización das rochas máis abundantes do subsolo galego —granito, gneis, xisto e lousa— orixina solos con abundante sílice (SiO<sub>2</sub>): *solos silíceos*. Soen ser pobres en nutrientes, porque a sílice aumenta a acidez do solo, o que favorece o arrastre pola auga das sales minerais do chan (lixiviado). Os solos formados a partir de rochas calcarias conteñen moito carbonato cálcico (CO<sub>3</sub>Ca) e son quimicamente básicos ou alcalinos, o que impide o “lavado” das sales minerais e da lugar a terras máis produtivas.

guinte episodio de *Romance de Lobos*: Unha noite de temporal Don Juan Manuel recibe na súa casa de Viana del Prior a noticia de que Doña María agoniza en Flavia-Longa. Ansioso por estar coa súa dona antes de que faleza, convence a uns asustados mariñeiros para cruzar en barca o brazo de mar que separa ambas vilas. Durante a travesía encallan nunha

[...] playa de pinares: En aquella vastedad desierta, el viento y el mar juntan sus voces en un son oscuro y terrible. (*Romance de Lobos*, p. 74).

O vinculeiro salta da embarcación coa intención de recorrer camiñando as tres leguas que o separan de Flavia-Longa. Para orientarse dirixese cara aos

[...] pinares donde se queja el viento con un largo ulular. [...] El fragor del viento entre los pinos apaga todos los demás ruidos de la noche: Es una marejada sorda y fiera, un son ronco y oscuro, de cuyo seno parecen salir los relámpagos. (*Romance de Lobos*, pp. 75-76).

No piñeirial encóntrase cuns mendigos que respostan afirmativamente á pregunta que lles dirixe o desorientado fidalgo:

¿Este pinar, es el pinar del Rey? (*Romance de Lobos*, p. 77).

Nun momento posterior da mesma obra, Don Juan Manuel, arrepenido dos seus pecados e desenganado dos seus fillos, retírase, en espera da morte, a unha furna situada en

Una costa brava ante un mar verdoso y temeroso. Lomas de arena, con pinares desmeдрados en lo alto, y en la bajada un charcal salobre, donde blanquean los huesos de una vaca.” (*Romance de Lobos*, p. 135).

A madeira do piñeiro, de mala calidade, foi moi utilizada para embalaxes e na construción

naval; na actualidade úsase principalmente para elaborar taboleiros de aglomerado e para obter pasta de papel. En *Águila de Blasón* aparece a seguinte descrición da cama de LA PICHONA:

Al fondo, separada por viejo cañizo y sobre caballetes de pino emborronados de azul,<sup>12</sup> está la cama: jergón escueto de panocha, sábanas de estopa y manta de remiendos. (*Águila de Blasón*, p. 140).

Remato este apartado comentando outras utilidades dos piñeiros: Nalgunhas zonas da península extráese resina ou trementina.<sup>13</sup> A súa casca, rica en taninos, empregouse para curtir o coiro. Da combustión controlada da súa madeira obtíñase unha substancia untuosa e moura, a pez ou brea de madeira, moi empregada para impermeabilizar as embarcacións<sup>14</sup> e os recipientes de coiro nos que se gardaba o viño, tamén chamados corambre.<sup>15</sup>

<sup>12</sup> Xa mencionei que o Señor Ginero, durante os seus paseos vespertinos por Viana del Prior, tiña o costume de albiscaar no interior das casas “donde veía los camastros sobre caballetes pintados de azul, y a las mujeres en el suelo haciendo red.” (*Los Cruzados de la Causa*, p.105); Valle neste caso non especifica o tipo de madeira coa que están feitos cabaletes.

<sup>13</sup> Por destilación da resina obtense esencia de trementina (augarrás) e un residuo sólido ambarino chamado colofonia (de *Colofon*, cidade grega na que se producía en grandes cantidades). A esencia de trementina e a colofonia tiveron moita importancia na fabricación de vernices, illantes eléctricos, unguentos e linimentos para o reuma, inhalantes para aliviar catarros bronquiais, etc.

<sup>14</sup> O calafateado consiste en impermeabilizar as embarcacións introducindo entre as táboas do casco estopa de cáñamo embebida en brea. A brea de piñeiro tamén se empregou en veterinaria para aliviar a sarna das ovelas.

<sup>15</sup> Os boteiros someten o coiro, normalmente de cabra, a distintos procesos segundo o destino do recipiente: auga, aceite ou viño. Os recipientes para viño, tamén chamados *corambre*, son os que teñen o proceso máis complexo, no que se inclúe un longo proceso de curtido con casca de piñeiro ou de aciñeira e un tratamento impermeabilizante con pez. Para quitarlle “gustos”, á pez cocíase nun recipiente con aceite de oliva, allo, cebola, limón, laranxa, etc.; cando estaba fría, o boteiro mastigaba un anaco para probar a súa calidade.

Falando de viños nun mesón de Viana del Prior, dille don Pedrito a un maragato:

A los mostos castellanos, los mata el gusto a la corambre. (*Cara de Plata*, p. 81).

## CASTIÑEIRO

EL POBRE DE SAN LÁZARO, o xigantesco leproso de *Romance de Lobos*, dille a Don Juan Manuel:

Yo, como nací labrador, no puedo estar preso en el Hospital. Si no veo los campos y los caminos, muérome de tristeza. El Hospital es como una cárcel, y allí encerrado moríame de pena... No me mata este mal tan triste, y matábame el no ver las eras, y los viñedos, y los castañares. (*Romance de Lobos*, p. 80).

O CASTIÑEIRO, *Castanea sativa*,<sup>16</sup> é unha árbore monoica e caducifolia de ata 30 metros



<sup>16</sup> O nome xenérico deriva de *Kastana*, cidade do antigo reino do Ponto (situada á beira do Ponto Euxino, o actual Mar Negro), e o específico *sativa* quere dicir cultivado, plantado.

de altura que pertence á familia das fagáceas. Presenta un tronco robusto e unha copa ampla e fermosa con grandes follas. As flores, agrupadas en amentos, aparecen a finais de xuño. Os froitos son os ourizos, formados por unha envoltura espiñosa que protexe ás sementes ou castañas. É unha especie forestal propia das rexión temperadas de Europa e Asia occidental que, polo seu rápido crecemento, excelente madeira, calidade dos seus froitos e maxestoso porte, chamou pronto a atención dos seres humanos, que procuraron cultivalo e melloralo. Os romanos tiñan moito aprecio por esta árbore e fomentaron o seu cultivo nos territorios que ían conquistando. Dende entón ata épocas recentes, o castiñeiro tivo unha importancia grande na economía galega:

Eulalia volviouse, y como perdida en la noche, miró en torno, gritando con voz desfallecida, que repitió el eco en un castañar: [...] Y volvió a responderle el eco desde el temeroso castañar. (“Eulalia”. *Corte de Amor*, pp. 79 e 80).

Entre lugar de Condes y Lugar de Freyres, el Pazo de Lantañón.— Brañas, castañares, agros de pan. (*Cara de Plata*, p. 63).

Actualmente, como consecuencia da mortantade producida por varios fungos<sup>17</sup> —especialmente polo causante da *tinta do castiñeiro*, enfermidade que a finais do século XIX dezinou os castiñeiros do litoral galego—, o seu número reduciuse nun setenta por cento; pero aínda así quedan fermosos soutos no Courel, nos Ancares, na comarca de Valdeorras e na comarca do Deza.<sup>18</sup> Ádega debe re-

<sup>17</sup> Dúas especies do xénero *Phytophthora* son os responsables da *enfermidade da tinta*. Outro fungo, *Endothia parasitica*, é o axente causante do *cancro do castiñeiro*.

<sup>18</sup> A Fraga de Catasós (Lalín) e o souto de Rozabales (Manzaneda), ambos con castiñeiros de gran tamaño, son espazos protexidos e coa consideración de “Monumento Natural”. Na igrexa de San Salvador en San Pedro Fiz do Hospital de O

ferirse á estas enfermidades fúncicas cando exclama:

Ya los castiga, señor. Mire como secan los castañares... Mire como perecen las vides... ¡Esas plagas vienen de muy alto!<sup>19</sup> (*Flor de Santidad*, p.106).

As castañas son comestibles, tanto en estado fresco como en conserva.<sup>20</sup> A madeira, dura e resistente á couza,<sup>21</sup> é bastante apreciada na fabricación de mobles —chamóuse-lle “caoba de Galicia”—, cubas e travesas de ferrocarril; pero como leña é un mal combustible. A cortiza contén abundante tanino e ten, o mesmo cás follas, propiedade astrinxentes.<sup>22</sup> Nas seguintes citas aparecen varios exemplos da aplicación da madeira do castiñeiro en traballos de carpintería:

La alcoba de Beatriz era una gran sala entarimada de castaño, oscura y triste. (“Beatriz”. *Jardín Umbrío*, p. 93).

Sobre la artesa se veían aún residuos del yantar interrumpido, y en el corral la vieja hucha de castaño revuelta y destripada... (“Un Cabecilla”. *Jardín Umbrío*, p. 106).

---

Incio hai un exemplar con 22 metros de copa. Os castiñeiros son moi lonxevos: na aldea de Paderne, en Folgoso do Courel, hai un impresionante castiñeiro cunha idade estimada en máis de 1.000 anos.

<sup>19</sup> Esta frase repítea a mendiga Minguíña en *El Marqués de Brandomín*, p. 193.

<sup>20</sup> Ata a chegada da pataca no século XVI, as castañas foron a fonte principal de hidratos de carbono para alimentación humana no norte da Península Ibérica. Consumíanse no caldo, cocidas e con leite, asadas, en puré..., e tamén se empregaban para o engorde do gando. Na actualidade expórtanse como “marrón glacé” ou conxeladas.

<sup>21</sup> Insecto que se alimenta de madeira.

<sup>22</sup> As follas e a cortiza empregáronse en medicina contra a disentería, diarrea e inflamación de gorxa.

Un velón de aceite alumbra la sala, que es grande y desmantelada, con vieja tarima de castaño temblona al andar, y los criados, en la sombra del muro, velan desgranando mazorcas de maíz en torno de las cestas llenas de fruto. (*Águila de Blasón*, p. 57).

La vieja tarima de castaño tiembla bajo su andar marcial, que parece acordarse con las cadencias de un romance caballeresco. (*Águila de Blasón*, p. 99).

Dos mujeres platican en el fondo del zaguán que tiene oscura techumbre de castaño, cuartelada por una viga donde la abuela, en el tiempo de la vendimia, cuelga los grandes y dorados racimos. (*Águila de Blasón*, p.162).

Aquella estancia, con su oscura techumbre de castaño, y el telar que llena la casa, tienen esa paz familiar, ingenua y campesina que se siente como un aroma de otoñales manzanas, conservadas para la compota de Noche Buena. (*Águila de Blasón*, p.164).

Tamén se plantan con función ornamental, tal é o caso dos castiñeiros que forman unha avenida na entrada do Pazo de Brandeso:

Con el alma cubierta de recuerdos, penetré bajo la oscura avenida de castaños cubierta de hojas secas. En el fondo distinguí el Palacio con todas las ventanas cerradas y los cristales iluminados por el sol. De pronto vi una sombra blanca pasar por detrás de las vidrieras, la vi detenerse y llevarse las dos manos a la frente. [...] Las ramas de los castaños se cruzaban y dejé de verla. (*Sonata de Otoño*, p. 39).

Con lánguido desmayo se incorpora, y por la húmeda avenida de castaños se retorna al palacio, seguida del abad. (*El Marqués de Bradomín*, p. 208).

El abad se aleja por la honda avenida de castaños, que comienza a cubrirse de hojas, y allá en el fondo, donde casi se desvanece su balandrán flotante, tropiézase con una dama que baja la escalinata del palacio. (*El Marqués de Bradomín*, p. 271).

Isabel Bendaña se aleja lentamente, y cuando desaparece bajo la dorada y otoñal ave-

nida de viejos castaños, el Marqués de Bradomín intenta besar las manos de la dama, aquellas manos olorosas y ardientes que deshojan el amor como un lirio rústico.<sup>23</sup> (*El Marqués de Bradomín*, p. 285).

En *Flor de Santidad* aparecen varias referencias a un soto situado nas proximidades da ermida de Santa Baya de Cristamilde:

Sale la luna, y el mochuelo canta escondido en un castañar. (*Flor de Santidad*, p. 150).

Comenzó a rayar el día, y el viento llevó por sotos y castañares<sup>24</sup> la voz de los viejos campanarios, como salutación de una vida aldeana, devota y feliz que parecía unirse con el rocío y los aromas de las eras. [...] En el valle flotaba ligera neblina, el cuco cantaba en un castañar, y el criado interrogábase burlonamente, de cara al soto: [...] Y mientras atravesaron el castañar, siguió la plática con el pájaro. (*Flor de Santidad*, p. 153).

Nun bosque de castiñeiros acontece a seguinte escena de *Divinas Palabras*:

Un soto de castaños, donde hace huelgo la caravana de mendigos, leñadores y criberos, que acuden anuales a las ferias de Agosto en Viana de Prior. (*Divinas Palabras*, p. 80).

Mari-Gaila arrima el dornajo a la sombra de los castaños y se sienta a la vera, los ojos y los labios alegres de malicias. (*Divinas Palabras*, p. 80).

<sup>23</sup> Otras citas dos castiñeiros do Pazo de Brandeso: “Bajo la sombra familiar de los castaños, mi rocín, venteando la cuadra, volvió a relinchar.” (*Sonata de Otoño*, p. 86). “El sol otoñal y matinal deja un reflejo dorado entre el verde sombrío, casi negro, de los árboles venerables. Los castaños y los cipreses que cuentan la edad del palacio.” (*El Marqués de Bradomín*, p. 182). “Se alejan juntos por los senderos del abandonado jardín, y se pierden entre el follaje dorado y otoñal de los castaños.” (*El Marqués de Bradomín*, p. 272). “Se las distingue, como a través de larga sucesión de pórticos, en el fondo de la avenida de castaños.” (*El Marqués de Bradomín*, p. 279).

<sup>24</sup> Valle incorre nunha redundancia, pois os sotos son bosques de castiñeiros.

La pareja de tricornios, negra y polvorienta, penetra en las sombras del soto donde sesteaa la taifa de hampones. (*Divinas Palabras*, p. 83).

A seguinte cita de “Mi Hermana Antonia”, fai alusión á sombra acolledora que proporciona a densa ramaxe desta árbore:

Es una capilla grande y oscura, con su tarrima llena de ruidos bajo la bóveda romántica. Cuando yo era niño, aquella capilla tenía para mí una sensación de paz campesina. Me daba un goce de sombra como la copa de un viejo castaño, como las parras delante de algunas puertas, como una cueva de ermitaño en el monte. (“Mi Hermana Antonia”. *Jardín Umbrío*, p. 120).

### CARBALLO

Nos atardeceres silenciosos do Pazo de Brandeso, os merlos de Florisel asubían vellas riveiranas de ritmo alegre e campesiño que evocan

...el recuerdo de las felices danzas célticas a la sombra de los robles. (*Sonata de Otoño*, p. 73. *El Marqués de Bradomín*, p. 249.)

O CARBALLO,<sup>25</sup> *Quercus robur*,<sup>26</sup> é unha árbore monoica da familia das fagáceas que pode superar os 40 metros de altura e os mil anos de vida. Presenta unha copa grande con follas caducas, lobuladas e con aurículas na base. As flores masculinas están dispostas en amentos colgantes e as femininas en pequenos grupos de ata cinco unidades. O froito, coñecido como landra ou belota, é un aque-



*Quercus robur*

nio cunha cúpula escamuda. Orixinario de Europa, Asia e norte de África, o carballo presenta un gran valor económico, ecolóxico e paisaxístico. En Galicia as carballeiras circundan algúns santuarios famosos e dan sombra aos campos das feiras,<sup>27</sup> como exemplifican as seguintes descrições de feiras en Viana del Prior:

Feria renombrada en la Octava del Corpus. Nunca faltan lusos y castellanos.-Un campo verde con roble. Velarios. Gentío. Ganados. Vistosos tendales. Portugueses talabartes, jalmas zamoranas, pardas estameñas. (*Cara de Plata*, p.79).

Rinconada de la Colegiata. Caballetes y tabanques bajo los soportales: Verdes y rojas estameñas, jalmas y guarniciones. Un campo costanero sube por el flanco de la Colegiata. Sombras de robles con ganados. A las puertas del mesón, alboroque de vaqueros, alegría de

<sup>25</sup> En Galicia medran silvestres outras dúas especies de carballo, o CARBALLO ALBAR (*Quercus petraea*) e o REBOLO ou CERQUIÑO (*Quercus pyrenaica*) que forman carballeiras en zonas montañosas e do interior da nosa comunidade.

<sup>26</sup> *Quercus* é o nome romano desta árbore; *robur*, forza en latín, é o nome dado polos romanos a certas árbores de madeira dura.

<sup>27</sup> Son frecuentes as carballeiras plantadas polo home nas proximidades das poboacións, pois o agradable microclima que se forma á súa sombra proporciona un espazo adecuado para feiras e romarías.

mozos, refranes de viejos, prosas y letanías de mendicantes. (*Divinas Palabras*, p. 86).

A madeira do carballo, dura e pesada, é moi resistente á putrefacción, polo que foi moi usada para a construción naval<sup>28</sup> e para travesas de ferrocarril. É especialmente apreciada para a fabricación de doelas para cubas, pipas, pipotes, etc., pois dálle un bo sabor ao viño. No Pazo de Brandeso almacénase viño tinto nunha vella cuba.<sup>29</sup>

Don Juan Manuel tenía gran predilección por el tinto de la Fontela, guardado en una vieja cuba que acordaba al tiempo de los franceses. (*Sonata de Otoño*, p. 78).

As seguintes citas ilustran o emprego da madeira de carballo en traballos de carpintería e ebanistería:

Y al mismo tiempo, con un movimiento gracioso de los ojos y de los labios me indicó un gran armario de roble que había a los pies de su cama. (*Sonata de Otoño*, p. 43).

Doña Isolina, sentada en una silla de roble, tiene acostado al niño en su regazo.” (“El Embrujo”. *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*. p. 147).

<sup>28</sup> Nos séculos XVII e XVIII necesitábanse 2.000 carballos para construír un só navío, o que ocasionou unha gran diminución dos seus bosques.

<sup>29</sup> Exipcios e gregos empregaban vasillas de barro para almacenar o viño. Os pioneiros no uso de toneis de madeira para almacenar e transportar viño foron os romanos (a primeira testemuña aparece no libro de Xulio Cesar *Comentarii de Bello Gallico*, do ano 51 a.C.). A madeira máis empregada na fabricación das cubas, e outros recipientes para viño -como pipas e pipotes—, era a de carballo, pero tamén se utilizaba o castiñeiro. A capacidade das cubas mediábase en moios (1 moio equivale a 8 olas ou cántaras e unha ola equivale a 16 litros), e podía variar entre 8 e 60 moios. Antes de cada vendima hai que reparar as cubas e eliminar os microorganismos (fungos e bacterias) que medran na súa madeira húmida e transmiten sabores desagradables ao viño. As cubas desinfectábanse queimando xofre no seu interior, pois o óxido de xofre que se desprende da combustión é un gas con propiedades funxicidas e bactericidas.

Sentados en escaños de roble, lustrosos por la usanza, esperaban los pagadores de un foral. (*Sonata de Otoño*, p. 39).

A leña de carballo ten un alto poder calorífico e constitúe un excelente combustible. A cortiza, moi astrinxente<sup>30</sup> polo seu elevado contido en taninos,<sup>31</sup> empregouse para curtir peles e para aliviar certas doenzas, como hemorroides, fisuras anais, frieiras, fibromas uterinos, etc. As landras constitúen un nutritivo alimento para os porcos e as follas serven como alimento para cabras e ovelas. Trufas e outros fungos viven en simbiose coas súas raíces. Por formar parte da comunidade clímax<sup>32</sup> de Galicia, é unha especie

<sup>30</sup> As substancias astrinxentes retraen os tecidos e diminúen as secrecións, polo que poden ser utilizadas en medicina como cicatrizantes, antiinflamatorias e antihemorráxicas. O sabor astrinxente consiste nunha sensación de sequidade e amargor intensos.

<sup>31</sup> Os taninos son compostos químicos —derivados fenólicos— producidas polas plantas como metabolitos secundarios, especialmente abundantes na codia dos carballos, castiñeiros e piñeiros, entre outras árbores. O nome de tanino débese a que a súa primeira aplicación foi a de converter as peles crúas dos animais en coiro, proceso coñecido en inglés como *tanning*, curtido. Durante o curtido as proteínas do coláxeno presentes na pel reaccionan cos taninos e únense entre si, aumentando a resistencia da pel á calor, á putrefacción por auga, e ao ataque dos microbios. A función dos taninos é defender ás plantas dos herbívoros; en xeral son toxinas que reducen a supervivencia dos animais que as consumen. A maioría dos herbívoros evitan as partes das plantas con alto contido en taninos, como os froitos verdes. É curioso o dato de que os humanos normalmente prefiren un certo nivel de astrinxencia en alimentos como as mazás, as moras e o viño tinto. Comprobase que os taninos do viño tinto bloquean unha molécula que produce a constrición dos vasos sanguíneos, polo cal diminúen o risco de enfermidades cardíacas nos consumidores moderados desta bebida. Aínda que hai taninos específicos que poden ser saudables para o ser humano, en xeral son tóxicos.

<sup>32</sup> Denomínase *comunidade* ó conxunto de tódalas poboacións de seres vivos que habitan nun lugar determinado. As comunidades dun ecosistema vanse sucedendo ao longo do tempo. A *comunidade clímax* é a comunidade máis madura dun ecosistema; a que se acada ao final da sucesión, que non será substituída de modo natural por outra. Unha comunidade clímax típica das zonas con influencia atlántica son as *fragas*: carballeiras naturais onde, ademais de carballos, medran outras especies arbóreas como acivro, sanguíño, pereira brava, loureiro, estripeiro e bidueiro.

beneficiosa que enriquece e restaura o solo; sendo ademais unha das árbores caducifolias con menor transpiración. As follas dos carballos permiten o paso de abundante luz, polo que debaixo das súas copas fórmase un sotobosque con matogueiras de arbustos e gran variedade de herbas. En inverno perde as follas, o que, ademais de permitir o paso de máis luz para as plantas do sotobosque, enriquece o solo cos nutrientes que se producen como resultado da súa descomposición.<sup>33</sup> En los *Los Cruzados de la Causa*, Valle cita varias veces á carballeira de Lantañón: Aparece mencionada na resposta de Don Juan Manuel a unha intervención do Marqués de Bradomín, na que este último expresa o seu convencemento do magnífico “cabecilla” que sería o fidalgo,

Sobrino, yo cuando levante una partida no será por un rey ni por un emperador... Si no fuese tan viejo, ya la hubiera levantado, pero sería para justiciar en esta tierra, donde han hecho camada raposos y garduñas. Yo llamó así a toda esa punta de curiales, alguaciles, indianos y compradores de bienes nacionales. ¡Esa ralea de criados que no llegan a amos! Yo levantaría una partida para hacer justicia con ellos y quemarles las casas, y colgarlos a todos en mi robledo de Lantañón. (*Los Cruzados de la Causa*, p. 157).

e tamén na mentira coa que responden os aldeáns que conducen os carros destinados ao transporte dos fusiles:

<sup>33</sup> O carballo era a árbore máis típica do país, pero está sendo substituído por piñeiros e eucaliptos, especies de crecemento rápido, que son economicamente máis rendibles a curto prazo. Sen embargo estas árbores de repoboación acidifican o chan e consumen moita auga -sobre todo o eucalipto-; ambos procesos conducen á degradación do solo. Por outro lado son especies de folla persistente que dificultan a chegada de luz ao sotobosque, feito que, unido ás substancias herbicidas que liberan as súas follas, impide o crecemento de pasto nos bosques repoboados con estas especies; polo que a repoboación forestal supuxo un empobrecemento da cabana galega. Outro inconveniente dos eucaliptos e piñeiros é o de ser especies pirófitas que favorecen os incendios.

Vamos para una derrama en el robledo de Lantañón. ¡Habrá compango!. (*Los Cruzados de la Causa*, p. 167).

Finalmente, encontramos varias citas da mesma carballeira na seguinte descripción da enseada de Lantañón, lugar elixido para cargar os fusiles na goleta do capitán Briand:

En un vaho de niebla aparecía y desaparecía el Faro Ruano. La goleta pasó bajo él, ciñendo el viento, y capenas doblada la punta del playazo, rectificó el rumbo, y con todas las luces apagadas hizo proa a la ensenada de Lantañón, paraje desierto al socaire de los Picos Lantaños. El arenal, de guijas ásperas y amarillentas, invadía parte del robledo, un bosque de maleza y carballos retorcidos, con los troncos descortezados y los nudos grandes, lisos y redondos como calaveras. Algunos árboles muy viejos, arraigados entre peñascales, se inclinaban sobre el mar, y sufrían el salsero de las olas que entraban en los socavones del monte. [...] En la oscuridad profunda de la noche sin estrellas, apenas se perfilaba la sombra del robledo. (*Los Cruzados de la Causa*, p. 188).

No conto “A Media Noche” alúdese a unha carballeira con reputación de ser moi perigosa:

Pero por el camino real se evita pasar de noche la robleda del molino... ¡Tiene una fama!... [...] Ya se percibía el rumor de la corriente que alimenta el molino y la masa oscura del robledal. (“A Media Noche”. *Jardín Umbrío*, pp. 141-143).

Nunha carballeira agoniza Juana la Reina en *Divinas Palabras*:

La mendiga, oprimiéndose los flancos, vuelve a la sombra de los robles. [...] En la sombra de los robles yace la pordiosera inmóvil y aplastada. [...] En la fronda del robledo, El Idiota, negro de moscas, hace su mueca.

(*Divinas Palabras*, p. 60). [...] El robledo, al borde del camino real. Juana la Reina está tendida de cara al cielo, y tiene sobre el pecho una cruz formada por dos ramas verdes. (*Divinas Palabras*, pp. 57-60).

Os bois que remolcan o cargamento de fusiles en *Los Cruzados de la Causa* “lucían en las testas verdes ramos para alejar los tábanos”. Aparece outro exemplo desta práctica no seguinte parágrafo de *Romance de Lobos*:<sup>34</sup>

Mas lejos un mozo aldeano deja pacer la yunta de sus vacas, y a lo largo de los caminos, que se pierden entre verdes y sonoros maizales, trotan cabalgadas de chalanes que van de feria, y cruzan, graves y procesionales, viejos vestidos de estameña, con sus grandes bueyes de cobre lucientes, hermosos como ídolos, con verdes ramos de roble en las testas. (*Romance de Lobos*, p. 113).

Estivo considerado antigamente como unha árbore sagrada e, sen dúbida por reminiscencias destes tempos druídicos, conserva para os paisanos galegos unha serie de virtudes especiais: considérase eficaz para curar a sarna, crebaduras de nenos, lumbago e outros males. Aos poderes máxicos do carballo alúdese en *Flor de Santidad*, cando o vello saudador de Cela indica que, para romper a maldición do rabaño, as ovellas deben beber as doce da noite da primeira lúa

[...] en fuente que tenga un roble y esté en una encrucijada...[...] La fuente que buscas está cerca de San Gundián, yendo por el camino viejo. Hace años había otras dos: Una en los agros de Brandeso, otra en el atrio de Cela,

pero una bruja secó los robles. (*Flor de Santidad*, p. 99).

En “El Embrujado”, dille LA GALANA a ÁNXELO:

Vamos a cenar todos juntos una empanada, bajo la luna, al arrimo de un roble, como las brujas. (“El Embrujado”. *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 135).

O dito “estar como un carballo” é indicativo de ser unha persoa forte e con boa saúde; con este sentido emprega o Marqués de Bradomín a palabra “roble” cando, referíndose a Don Juan Manuel, mantén a seguinte conversa con Cara de Plata:

—¿Está muy viejo tu padre?

—Yo lo recuerdo igual toda la vida.

—¡Es un roble!

—En esta tierra los robles tienen ahora un gusano que los seca y mi padre no adolece de nada... ¡Vivirá cien años! (*Los Cruzados de la Causa*, p. 108).

No parágrafo final do conto “Un Cabecilla” compárase o rostro duro e inexpresivo dun vello guerrilleiro coa madeira desta árbore:

Confieso que cuando el buen Urbino Pimentel me contó en Viana esta historia terrible, temblé recordando la manera violenta y feudal con que despedí en la Venta de Brandeso al antiguo faccioso, harto de acatar la voluntad solapada y granítica de aquella esfinge tallada en viejo y lustroso roble. (“Un Cabecilla”. *Jardín Umbrio*, p. 108).

## SOBREIRA

Recorda o Marqués de Bradomín, en *Sonata de Otoño*, os paseos con Concha polas estancias do Pazo de Brandeso.

<sup>34</sup> Un uso semellante ten unha rama verde nesta acotación de *Águila de Blasón*: “Un camino cercano al río. Doña María cruza al paso de su pollina, y el Espolique, que camina al flanco, espanta con una rama verde las moscas que zumban sobre el manso testuz de la bestia”. (*Águila de Blasón*, p. 168).

En aquelas estancias nuestros pasos resonaban como en las iglesias desiertas, y al abrirse lentamente las puertas de floreados herrajes, exhalábase del fondo silenciosos y oscuro, el perfume lejano de otras vidas. Solamente en un salón que tenía de corcho el estrado, nuestras pisadas no despertaron rumor alguno: Parecían pisadas de fantasmas, táticas y sin eco. (*Sonata de Otoño*, p. 62).

A SOBREIRA ou CORTICEIRA, *Quercus suber*,<sup>35</sup> é unha árbore monoica da familia das fagáceas con follas coriáceas e persistentes. Soen vivir entre 150 e 250 anos e acadan os 25 metros de altura. As flores, unisexuais, presentan polinización anemófila, e dicir, realizada polo vento. Os froitos, como en carballeiras e aciñeiras, son belotas ou landras. A madeira, dura e pesada, presenta vetas e raios medulares moi marcados. A codia, en principio lisa, cóbrese pronto dunha cortiza espesa e agrisada, profundamente fendida en sentido lonxitudinal.<sup>36</sup> Co tempo a cortiza chega a ter un grosor considerable, e pode recolleitarse, por descortizado ou pela. Esta operación non ocasiona danos na árbore, pois o tronco produce unha nova casca protectora que en poucos anos -entre oito e doce— acada o seu espesor primitivo. Denomínase *bornizo* a cortiza obtida na primeira recolección, realizada cando a árbore ten entre 30 e 50 anos de idade. A calidade da cortiza vai aumentando en cada nova extracción. É unha especie orixinaria do norte de África e do sur de Europa. Cultívase, pero tamén aparece espontánea en moitos lugares de España e Portugal. En Galicia está en regresión, pero aínda podemos atopar algúns bosques na comarca do Ri-



*Quercus suber*

beiro, na Ribeira Sacra, nos vales dos ríos Deza e Ulla e, en xeral en tódolos vales interiores de Galicia e nos das Rías Baixas. Nestas zonas usouse tradicionalmente para confeccionar trobos ou colmeas. Na actualidade a cortiza utilízase coma illante térmico e sonoro, pero o seu uso principal é a produción de rollas para as botellas de viño.<sup>37</sup> As seguintes citas de *Flor de Santidad* ilustran o seu uso como recipiente e como cano de auga: Unha tarde na que se encontraba co seu ra-

<sup>35</sup> O nome específico coincide coa denominación latina desta árbore.

<sup>36</sup> Parece ser que é unha adaptación da árbore para protexerse do lume; pois os incendios son moi frecuentes nos veráns secos das rexións de clima mediterráneo nas que vive esta especie.

<sup>37</sup> As rollas son os tapóns feitos de cortiza. Representan un 15% do uso da cortiza en peso, pero supoñen un 80% do negocio (Portugal ten o 50% da produción mundial). A maioría das rollas utilízanse como tapóns de botellas de viño, e teñen moita importancia na correcta conservación e maduración dos viños. A porosidade dos tapóns permite o ingreso na botella dunha pequena cantidade de aire, responsable da oxidación moi lenta de certas substancias durante o tempo de crianza; oxidación que conduce a certa redución de acidez, a un redondeo ou suavización dos taninos, e á formación de aromas terciarios. As rollas de mellor calidade son as máis homoxéneas e de menor porosidade, pois se entra aire en exceso, o viño avinágrase.

baño no adro de San Clodio, Ádega observa como se aproxima o peregrino e, coa intención de ofrecerlle leite, a pastora achegouse a unha ovella e

Piadosa y humilde se puso a ordeñar la leche en el cuenco de corcho labrado por un boyero muy viejo que era nombrado en todo el contorno. Mientras el corcho se iba llenando con la leche tibia y espumosa, decía la pastora: (*Flor de Santidad*, pp. 108-109).

Despois de dar de beber ao peregrino

llegose a la fuente del atrio, cercada por viejos laureles, y llenando de agua el corcho que el peregrino santificara, bebió feliz y humilde, oyendo al ruiseñor que cantaba escondido. (*Flor de Santidad*, p. 109).

Máis tarde, antes de retirarse, conduciu as ovellas a abeberarar na fonte do adro

Y el sonoro cántaro cantaba desbordando con alegría campestre bajo la verdeante teja de corcho que aprisionaba y conducía el agua. Las ovejas bebían con las cabezas juntas, apretándose en torno del brocal cubierto de musgo. (*Flor de Santidad*, p. 110).

Finalizo cun texto de “Un Cabecilla” onde a cortiza ten función metafórica:

Sus labios de corcho se plegaban con austera indiferencia. (“Un Cabecilla”. *Jardín Umbrío*, p. 105).

## ACIÑEIRA

Só localiceí unha cita da aciñeira nun desesperanzado monólogo de Don Juan Manuel en *Romance de Lobos*,

[...] ¡Si la muerte tarda, pediré limosna por los caminos!... ¡Y el mar, aquella noche, pudo caer sobre mi cuerpo, como la tierra de la se-

pultura, y no me quiso!... ¡Ya soy pobre! ¡Todo lo he dado a los monstruos! ¿Mí alma en otra vida, aquella vida de que huyó, también fué un mar y tuvo tempestades, y noches negras, y monstruos que habían nacido de mí! ¡Ya no soy más que un mendigo viejo y miserable! ¡Todo lo he repartido entre mis hijos, y mientras ellos se calientan ante el fuego encendido por mí, yo voy por los caminos del mundo, y un día, si tú no me quieres, mar, moriré de frío al pie de un árbol tan viejo como yo! ¡Las encinas que plantó mi mano no me negarán su sombra, como me niegan su amor los monstruos de mi sangre!... (*Romance de Lobos*, p. 131).

A ACIÑEIRA, *Quercus ilex*,<sup>38</sup> é unha árbore monoica da familia das fagáceas, orixinaria da rexión mediterránea europea. Pode acadar os doce metros de altura, pero normalmente aparece en forma arbustiva. Presenta follas perennes e coriáceas con espiñas no contorno. As flores masculinas agrúpanse en



*Quercus ilex*

<sup>38</sup> *Ilex*, era o nome grego da aciñeira.

amentos e as femininas aparecen illadas, ou en grupos de dúas. Os seus froitos, as landras máis doces deste xénero, utilízanse na alimentación do gando porcino.<sup>39</sup> A súa leña, o mellor combustible vexetal, foi usada, sobre todo, na elaboración de carbón para ferrerías. A súa cortiza, como a do resto das especies do xénero *Quercus*, contén moito tanino, polo que presenta propiedades astrinxentes e pode utilizarse para curtir peles. É a especie arbórea máis abundante na península Ibérica, sobre todo na zona mediterránea, pero pouco frecuente en Galicia, onde so se atopa a subespecie *ballota*. Esta subespecie, coñecida como CARRASCA,<sup>40</sup> forma pequenos bosques en solos calcarios da zona de clima mediterráneo da provincia de Ourense<sup>41</sup> (concas do Río Sil, Limia e Támeqa).

### CHOPO PRATEADO


No seguinte texto de “LLuvia”, un dos seus primeiros contos, Valle realiza unha descripción personificada dun grupo de álamos:

¡Llueve!... Desde mi balcón distingo un grupo de álamos sin hojas y sin nidos; cabecean tristemente; parecen viejos paralíticos abandonados al borde del camino, patriarcas sin prole, desnudos y olvidados; sus brazos secos sacuden el agua con estremecimientos llenos de frío; sollozan, se lamentan, suspiran por la primavera, la gentil enamorada que con sus mimos hacía reverdecer el añoso tronco; aquella que cantaba en las ramas y dormía en los nidos... (“Lluvia”. *Varia Prosa*, p. 1444).

<sup>39</sup> En moitas zonas da península Ibérica prepáranse asadas para consumo humano.

<sup>40</sup> En Galicia tamén reciben o nome de *carrasca* certos arbuscos da familia das ericáceas.

<sup>41</sup> É importante a Carrasca de Cobas (Rubiá-Ourense), incluída no Parque Natural da Enciña da Lastra.



*Populus alba*

O CHOPO PRATEADO ou ÁLAMO, *Populus alba*,<sup>42</sup> é unha árbore dioica da familia das salicáceas que pode acadar 25 metros de altura. O tronco dos exemplares adultos loce unha inconfundible casca branca con gretas e lenticelas romboidais negras. As follas son caducas, verdes no anverso e branco tomentosas no reverso.<sup>43</sup> As flores agrúpanse en amentos péndulos. O froito é unha cápsula alongada, que pode presentar un penacho piloso ou *vilano*. A madeira, branda e lixeira, utilízase para embalaxes e obtención de pasta de celulosa; utilizouse tamén para o cultivo de *Pleurotus ostreatus*, un cogomelo moi apreciado.

<sup>42</sup> O nome xenérico ven do latín *populus*, popular, por ser unha árbore moi abundante; o nome específico ven do latín *alba*, branca, pola coloración do tronco e do envés das follas.

<sup>43</sup> Na mitoloxía grega, esta árbore está consagrada a Perséfone, a muller de Hades, o deus dos mortos. Segundo as lendas gregas cando este heroe descendeu aos infernos, levaba unha coroa de follas do álamo que Hades plantara nos Campos Elíseos, en recordo de Leuce —unha ninfa á que violou—. A cara das follas que rozaban as tempas de Heracles puxéronse de cor branco prateado a causa da súa “suor gloriosa”; mentres que as que estaban orientadas cara o exterior tornáronse escuras polo fume do mundo subterráneo.

A leña é un combustible mediocre. A cortiza e as follas teñen propiedades astrinxentes e febrífugas. Especie orixinaria de Asia Menor e Europa Central, habita en ribeiras ou solos frescos de vales húmidos. Debido ao seu porte ergueito e as follas prateadas é unha árbore fermosa de gran valor ornamental. Os textos que seguen fan referencia a cor prateada das follas:

Larga hilera de álamos asomaba por encima de la verja su follaje que plateaba al sol. Allá en el fondo, albeaba un palacete moderno con persianas verdes y balcones cubiertos de enredaderas. (“Eulalia”. *Corte de Amor*, p. 53).

Apenas interrumpían la soledad del campo, aterido por la invernada, algunos álamos desnudos. (“El Rey de la Máscara”. *Jardín Umbrío*, p.113).

El arco iris cubría la aldea, y los cipreses oscuros y los álamos de plata parecían temblar en un rayo de anaranjada luz. (“La Misa de San Electus”. *Jardín Umbrío*, p. 110).

Por presentar un rápido crecemento, os álamos plántanse en parques, xardíns e beiras de camiños. Tamén se utiliza como árbore de sombra, para fixar marxes de ríos e regatos e como abrigo contra o vento.<sup>44</sup> As seguintes citas ilustran algunha destas utilidades:

En una revuelta del río, bajo el ramaje de los álamos que parecen de plata antigua, sonrío un molino. (*Flor de Santidad*, p. 96).

Pronto se perdieron en una revuelta, entre los álamos que marcan la línea irregular del río. Cerró la noche y comenzó a ventar en ráfagas que pasaban veloces y roncadas, inclinando los árboles sobre el camino, con un largo murmullo

de todas sus hojas. (“A Media Noche”. *Jardín Umbrío*, p. 142).

Cara de Plata pone su rocín al galope, y se pierde entre los álamos del río cuando una campana toca al alba con alegría, y dos beatas bajan la cuesta para oír la misa en la Venerable Orden Tercera. (*Águila de Blasón*, p.152).

Entre los álamos, que marcan la línea irregular del río lucen algunos faroles mortecinos. [...] Las luces se acercan por entre los álamos. (*Águila de Blasón*, p. 170).

Un poco más adelante, siguiendo por aquel camino humilde de verdes orillas, un paraje de álamos y de agua. (*Romance de Lobos*, p. 89).

Baja el camino hasta una fuente embalsada en el recato de una umbría de álamos. (*Divinas Palabras*, p. 62).

## CHOPO NEGRO

¡Qué triste es, cuando el otoño llega, aquella extendida llanura de Brandeso, que cruza el camino solitario y sin más árboles que algunos álamos negros, que rodean con sombrío y poético misterio el crucero en donde el vagabundo se sentaba! ¡Cuántos años habían transcurrido



*Populus nigra*

<sup>44</sup> O seu uso en espazos públicos está en regresión pois, cando superan os vinte anos, son atacados por certos fungos que causan a putrefacción da súa zona basal e a conseguinte caída da árbore —especialmente durante os temporais—.

de esto la última vez que atravesé la senda... ¡Un mirlo cantaba cobijado en una rama, y sus acentos silvestres e impregnados de tristeza, y lo apartado y solo del camino, que el aspecto del ocaso y lo brumoso del paisaje hacían más temeroso, causaron honda impresión en mi espíritu, despertando el fantasma de mis viejos terrores. (“El Mendigo”. *Varia Prosa*, p. 1334).

O CHOPO NEGRO,<sup>45</sup> *Populus nigra*,<sup>46</sup> é unha árbore dioica que acada os 30 metros de altura. O tronco dos exemplares adultos amosa unha casca negruzca, con avultamentos dos que agroman ramiñas nalgúns exemplares. Presenta follas caducas de longo pecíolo aplinado e flores dispostas en amentos. Os froitos son cápsulas dehiscentes con numerosas sementes rodeadas de penachos de pelos. Orixinario de Europa e Asia Menor é moi similar ao chopo prateado e ten as mesmas aplicacións.<sup>47</sup> Existe unha variedade de porte piramidal, o CHOPO LOMBARDO (*Populus nigra* variedade *italica*), difundido en todo o mundo como árbore de estrada e moi empregado como ornamental.<sup>48</sup> Na seguinte descrición de “El Embrujado”, os chopos elévanse á beira dun río:

Tarde de otoño. Un río tranquilo, espaciado en remansos baixo la verde sombra de chopos y mimbrales. (“El Embrujado”. *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p.122).

<sup>45</sup> En castelán *chopo común* e *álamo negro*. En galego tamén se denomina *negrillo*, *álamo mouro* e *lamagueiro*.

<sup>46</sup> O nome específico ven do latín *nigra*, negra, en alusión as costelas desta cor que se forman no tronco dos exemplares adultos das árbores desta especie.

<sup>47</sup> A infusión das xemas ten propiedades diuréticas e sudoríficas e, tamén coas xemas, prepárase un unguento para aliviar as hemorroides.

<sup>48</sup> Trátase dunha mutación: tódolas árbores son masculinas e reproducense asexualmente por gallos («esquejes»). Parece ser que apareceu na rexión italiana de Lombardía en época indeterminada.

Na mitoloxía grega o chopo negro estaba consagrado a Perséfone, a deusa dos ciclos místicos de morte e rexeneración. A deusa Nai Terra, conta Plinio na súa *Historia Natural*, tiña un oráculo máxico —unha sacerdotisa que bebía sangue de toro, un veneno mortal para os humanos— en *Egeira Acaya*, que significa «o lugar dos álamos negros».

## SALGUEIRO

Rompiendo entre los saucos viene la sombra oscura del CIEGO DE FLAVIA. Una figura penitente con el pecho lleno de rosarios. No lleva criado, golpea las piedras del camino con el bordón. (“El Embrujado”. *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 135).

En Galicia medran varias especies que reciben o nome de SALGUEIRO, a máis común é *Salix atrocinerea*,<sup>49</sup> árbore dioica orixinaria de Europa que pode alcanzar os 10 metros de altura. As pólas son flexibles, con follas caducas e flores agrupadas en amentos. O froito é unha cápsula tomentosa con varias sementes minúsculas. Habita en solos húmidos ou achegados a charcas e correntes de auga, desempeñando un importante papel como fixador de ribeiras de ríos e arrosios.<sup>50</sup> A madeira do salgueiro é de mala calidade e a cortiza, rica en taninos, contén salicina,<sup>51</sup>

<sup>49</sup> O xénero é o nome dado polos romanos ó salgueiro, e ven do celta *al*, próximo e *lis*, auga, por vivir os salgueiros cerca da auga. O nome específico deriva do latín *ater*, negro, e *cinereu*, cincento, pola cor grisácea do envés das súas follas.

<sup>50</sup> Denomínanse *ripisilvas* ou bosques de ribeira as formacións arbóreas de folla caduca que medran nas marxes de ríos e regatos. Soen estar formadas por amieiros (*Alnus glutinosa*), bidueiros (*Bétula alba*), salgueiros (*Salix* sp.), abeleiras (*Corylus avellana*), pereiras bravas (*Pyrus cordata*), estripeiros (*Crataegus monogyna*), sabugueiros (*Sambucus nigra*), etc.

<sup>51</sup> A codia do salgueiro empregouse dende tempo inmemorial para aliviar a febre e a dor. En 1828, Johann A. Buchner illou da casca desta especie unha substancia amarela moi amarga, bautizada como salicina. Éste oposto tamén se encontraba

substancia da que se extrae o ácido salicílico, principal compoñente da “Aspirina”. Os salgueiros, por presentar floración precoz, son importantes especies melíferas.

## VIMBIO

Ádega e a dona da pousada, que se dirixen ao muíño de Cela, detéñense para descansar á beira dun río, onde

algunos aldeanos esperan la barca sentados sobre la yerba a la sombra de los verdes y retorcidos mimbrales. (*Flor de Santidad*, p. 94).

O VIMBIO COMÚN, *Salix viminalis*,<sup>52</sup> é unha arboriña caducifolia da familia das salicáceas con ramas flexibles de cor amarelo alaranxado. As follas son moi estreitas, de beira enteira e cor verde escura no anverso e branca prateada no reverso. Presenta flores unisexuais en amentos. O froito é unha cápsula moi peluda. Orixinarios de Europa central, os vimbios medran cultivados e naturalizados en toda Galicia, onde se observan con frecuencia nas beiras dos prados. Valle menciona estas árbores nas seguintes descrições paisaxísticas:

En la tarde azul, llena de paz, volaban las golondrinas sobre el río, rozando las ondas con un pico del ala, y los mimbrales de la orilla se espejaban en el fondo de los remansos, con vaguedad de ensueño. (“Eulalia”. *Corte de Amor*, p. 55).

noutras plantas, como en *Spiraea ulmaria* (= *Filipendula ulmaria*, raíña dos prados), que máis tarde inspirou o nome de Aspirina. En 1859, Herman Kolbe sintetizou a salicina (ácido salicílico) no laboratorio. O uso medicinal da salicina presentaba algúns inconvenientes, como irritación de estómago e sabor demasiado amargo. En 1897, Félix Hoffmann, para reducir estes efectos, acetilou o ácido salicílico e sintetizou o principio da Aspirina, o ácido acetilsalicílico.

<sup>52</sup> O nome específico deriva do latín *viminalis*, propio para atar.



Un ruiseñor cantaba en los mimbrales de la orilla, y las ranas cantaban en el fango de las junqueras, al borde de las charcas. El río brillaba bajo el cielo estrellado. (“Eulalia”. *Corte de Amor*, p. 80).

A corta distancia del mar comenzaban los molinos, que parecían esparcidos por esa mano ingenua que dispone los nacimientos de Navidad. Casucas viejas con emparrados en las puertas, prendidas sobre una quebrada del monte por donde baja el río, un río saltante y espumante que tiene, en la paz dorada de los días, la música del cristal, y remansos de ensueño bajo la sombra verde de los mimbrales. (*Los Cruzados de la Causa*, p. 188).

Tarde de otoño. Un río tranquilo, espaciado en remansos bajo la verde sombra de chopos y mimbrales. (“El Embrujado”. *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p.122).

Arrodilladas en la arena, lavan dos mujeres, y los pardales de una nidada pían escondidos en el mimbral que tiende su caballera sobre el espejo del remanso. (*Águila de Blasón*, p. 166).

As ramas flexibles do vimbio e doutras especies próximas empréganse principalmente para atar as vides e fabricar cestos,

El Señor Ginero, después de la siesta, todas las tardes salía de su casa con la escopeta al hombro y un cestillo de mimbres en la mano. (*Los Cruzados de la Causa*, p. 105).

pero tamén foron moi utilizadas como instrumentos de castigo. Dille EL PAJARITO a ÁNXELO:

A las mujeres las gobierno yo con una varilla de mimbre como a ganado manso. (“El Embrujado”. *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p.130).


### ABELEIRA

BLAS DE MIGUEZ, el sacristán, que viene como espolique, azota el anca del borriquillo con una vara de verde avellano. (*Cara de Plata*, p. 71).

A ABELEIRA OU ABRAIRA, *Corylus avellana*,<sup>53</sup> é unha árbore caducifolia da familia das betuláceas que normalmente non supera os oito metros de altura e presenta unhas inconfundibles follas redondeadas co extremo en punta. Presenta floración precoz —entre xaneiro e abril— e polinización anemógama. As flores masculinas están dispostas en amentos longos de cor amarela;<sup>54</sup> nas femininas destacan dous longos estigmas vermellos. O froito, a abelá, é un aquenio que madura a finais do verán ou principios do outono. Na se-

<sup>53</sup> O xénero procede do grego *koris*, casco; e o nome específico provén da cidade italiana *Abella Vecchia*, onde se criaban e se consumían os seus froitos en abundancia.

<sup>54</sup> Os amentos masculinos en infusión utilízanse como sudorífico e as follas teñen propiedades vasoconstrictoras. Os cementos da cortiza teñen propiedades astrinxentes.



*Corylus avellana*

guinte conversa de *Divinas Palabras* cítase este froito en sentido figurado:

UNA MOZA.— ¿Qué es ello Padronés?

OTRA MOZA.— Casca la avellana, dinos lo que hay dentro.

MIGUELÍN.— ¡Llegad a mirarlo, que os alegrará la vista! (*Divinas Palabras*, p. 135).

Oriúnda de Europa, Asia Menor e norte de África, a abeleira habita en lugares sombríos e frescos de vales e barrancos, á beira dos regatos e en bosques mixtos caducifolios. É unha árbore rústica pero con importancia económica, que se cultiva polas súas sementes comestibles.<sup>55</sup> A madeira, flexible e resistente, é fácil de traballar e utilízouse para elaborar cestos e aros de cubas. As abeleiras

<sup>55</sup> As abelás son apreciadas en repostería. O seu aceite emprégase en alimentación, como lubricante industrial e na elaboración de perfumes, pinturas e xabón.

serven de excelentes defensas contra o vento e de refuxio para pequenos animais, proporcionándolles ó mesmo tempo o nutritivo alimento das súas abelás. As ramas flexibles da abeleira, asociadas tradicionalmente coa maíxia e a sabedoría, serven aos zahoríes para detectar a presenza de auga.

## OLIVEIRA

El padre Bernardo en otro tiempo había sido confesor de mi madre, y al volver de su peregrinación no olvidó traerle un rosario hecho con huesos de olivas del Monte Oliveto.” (“Mi Hermana Antonia”. *Jardín Umbrío*, p. 123).

A OLIVEIRA, *Olea europaea*,<sup>56</sup> da familia das oleáceas, é unha arboriña de crecemento lento e moi lonxeva. As pólas, tetragonais e con escamas prateadas teñen follas perennes, coriáceas, verdes na face e prateadas no envés. O seu froito, a oliva, é unha drupa de polpa carnosa rica en materia graxa; ao principio presenta unha coloración verdosa e tórnase negruzca cando madura.<sup>57</sup> A madeira, de cor clara con vetas pardas, é das máis duras e compactas que se coñecen, sendo moi utilizada en ebanistería e torneados. Esta especie mediterránea está pouco representada en Galicia, pero podemos atopar exemplares illados por todo o país.<sup>58</sup> A oliveira é unha árbore



con moita riqueza simbólica.<sup>59</sup> É símbolo de fecundidade, forza, vitoria e recompensa —no cristianismo simboliza principalmente paz, concordia e purificación—. Na cultura popular está considerada como unha planta con poderes máxicos e soe plantarse xunto ás igrexas:<sup>60</sup>

La Rectoral de Santa Baya está vecina de la iglesia, en el fondo verde de un atrio cubierto de sepulturas y sombreado de olivos.” (“Juan Quinto”. *Jardín Umbrío*, p. 67).

<sup>56</sup> O nome do xénero deriva do latín *oleum*, aceite; e o epíteto específico déuselle por pensar que se trataba dunha especie exclusiva de Europa.

<sup>57</sup> As olivas teñen propiedades aperitivas e tónicas; consérmense -verdes ou negras, segundo a época de recolección— despois de sometelas a un tratamento especial para quitarlles o sabor amargo. O aceite de oliveira virxe é un alimento de gran calidade que presenta un alto contido de ácidos graxos poliinsaturados (oleico e linoleico), indicados en dietas anticolesterol.

<sup>58</sup> Na conca do río Sil e no val de Verín, zonas que presentan influencia do clima mediterráneo, medran pequenas masas arbóreas de oliveiras.

<sup>59</sup> En Grecia estaba consagrado a Atena e cóntase que a oliveira conservada como un tesouro xunto ao Erecteion é a mesma que naceu dunha disputa entre Atena e Poseidón. Un ramo de oliveira no pico dunha pomba indicou a Noé o final do Diluvio. Cristo velou a súa última noite nun horto de oliveiras. A cruz de Cristo, segundo unha vella lenda, está feita de cedro e oliveira.

<sup>60</sup> En moitos adros das igrexas campesiñas, que son ao mesmo tempo adro e cemiterio, aínda se conservan algunhas das oliveiras que noutros tempos as poboaron en maior número.

Forma parte, xunto co loureiro, do ramo que se bendice o Domingo de Ramos; estes ramos, ou as súas follas, empréganse na medicina tradicional,<sup>61</sup> en diversos ritos supersticiosos<sup>62</sup> e como amuleto. Ádega, lemos en *Flor de Santidad*, era moi devota,

con devoción sombría, montañesa y arcaica. Llevaba en el justillo cruces y medallas, amuletos de azabache y faltriqueras de velludo que contenían brotes de olivo y hojas de misal. (*Flor de Santidad*, p. 79).

A seguinte cita ilustra o uso de ramos de oliveira en ritos purificadores, mediante aspersións de auga bendita:

Entonces, mientras nuestra madre gritaba, sujetando a mi hermana por los cabellos, la vieja, provista de una rama de olivo, se puso a rociar agua bendita por los rincones. [...] Después se arrodilló entre dos cirios, y mojaba en agua bendita una rama de olivo y la sacudía sobre el cuerpo de la muerta. (“Mi Hermana Antonia”. *Jardín Umbrío*, pp. 127 e 134).

O ramo de oliveira é tamén símbolo de paz e concordia: Di o cego de Gondar para referirse a Doña Isolina, muller de “alma humilde y cristalina”:

¡Deja tu puesto a la paloma blanca que viene por el camino para posarse entre nos! ¡En el pico, pintado de rosa, trae un ramo de oliva! [...] ¡La paloma blanca se puso a deshojar su ramo de oliva en los aires, entre el claro sol y la tierra cativa! (“El Embrujado”. *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, pp. 111-112).

<sup>61</sup> A infusión das follas ten propiedades hipotensivas, hipoglucemiantes e vermífugas.

<sup>62</sup> Así, por exemplo, para afastar as tormentas quéimanse as súas follas; para protexerse do diaño, da santa compañía ou dunha alma en pena é suficiente encerrarse no interior dun círculo trazado cun pau bendito de oliveira; para preservar a casa do mal colócase no balcón ou detrás da porta principal un ramo desta planta.

## LOUREIRO

El humo tiende olores de laurel y sardinas, con el buen recuerdo del vino agrio y la borona aceda. (*Divinas Palabras*, p.82).

O LOUREIRO, *Laurus nobilis*,<sup>63</sup> é unha árbore da familia das lauráceas, duns sete metros de altura con follas perennes e moi aromáticas. O froito, parecido a unha oliva, é unha drupa, negra e brillante cando está madura. A súa madeira, moi dura e recendente, utilízase en traballos de marquetería. Nativo da rexión mediterránea, o loureiro é frecuente nas catro provincias galegas, onde se cultiva en xardíns como planta ornamental, e nas hortas polo seu uso culinario e as súas propiedades medicinais.<sup>64</sup> Valle-Inclán sitúa loureiros na horta do conventos das Comendadoras en Viana del Prior e nos xardíns do Pazo de Brandeso e do Pazo onde Valle ambienta os sucesos narrados en “Beatriz”:

Una tarde, cerca del anochecer. Dos monjas sacan agua del pozo, a su lado, unas pajaritas muy gentiles picotean las malvas que crecen en el brocal, y hay un vuelo de campanas que parece diluirse en la tarde azulada, y un ruiseñor que canta escondido entre los laureles de un seto, donde otras tardes, bajo el oro del sol, la maestra enseña a las novicias calados y bordados de primor monjil. El huerto tiene el aroma de una leyenda piadosa. Sentadas en un banco de piedra, al pie de los laureles, están la niña de la posada y la Madre Abadesa. [...] La niña cierra los ojos para no llorar, y besa la cruz. El ruiseñor canta escondido en los laureles, a lo lejos, por el sendero de mirtos, pasan dos monjas

<sup>63</sup> *Laurus* era o nome latino desta especie, posiblemente derivado do celta *laur*, verde. O nome específico débese ao seu porte nobre e maxestoso, en latín *nobilis*.

<sup>64</sup> En medicina emprégase as súas follas en infusión para aliviar os trastornos dixestivos e tamén, en forma de unguento, parece ser eficaz contra o reuma.



*Laurus nobilis*

con cántaras de agua, y el huerto tiene un aroma inocente, de malvas y rosaledas. [...] En el silencio del huerto, la voz tiene una claridad dolorosa, y la monja parece una figura de niebla, toda velada en la sombra de los laureles. [...] Se abrazan en silencio. La madre Isabel oye el latido de sus corazones y el canto del ruiseñor en los laureles. El huerto, inmóvil en la sombra azul de la tarde, les ofrece el perfume inocente de sus rosas. *Los Cruzados de la Causa*, pp. 200-201).

El jardín se esfuma en la vaga luz del crepúsculo. Los cipreses y los laureles cimbrean con augusta melancolía sobre las fuentes abandonadas. (*El Marqués de Bradomín*, p.226).

Cercaba el Palacio un jardín señorial, lleno de noble recogimiento. Entre mirtos seculares, blanqueaban estatuas de dioses. ¡Pobres estatuas mutiladas! Los cedros y los laureles cimbreaban con augusta melancolía sobre las fuentes abandonadas. (“Beatriz”. *Jardín Umbrío*, p. 89).

Os loureiros medran tamén espontáneos en zonas costeiras e vales fluviais.<sup>65</sup> En “Eu-

lalia” forman sebes á beira dun camiño; en “El Embrujado”, no entorno da casa de DON PEDRO:

Era húmeda y honda aquella vereda, perdida entre setos de laurel, con turbios charcos y pasaderas bailoteantes. (“Eulalia”. *Corte de Amor*, p. 56).

Por delante cruza un camino de aldea, y entre el camino y la casa hay un campo verde, cercado de laureles viejos, donde pace una vaca. (“El Embrujado”. *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 101).

En *Flor de Santidad* aparecen varias citas dos loureiros que medran no adro da igrexa de San Clodio:

Después llegose a la fuente del atrio, cercada por viejos laureles, y llenando de agua el corcho que el peregrino santificara, bebió feliz y humilde, oyendo al ruiseñor que cantaba escondido. [...] Bajo los húmedos laureles, la tarde era azul y triste como el alma de una santa princesa. Las palomas familiares venían a posarse en los cipreses venerables, y el estremecimiento del negro follaje al recibir las uníase al murmullo de la fuente milagrosa cercada de laureles, donde una mendiga sabia y curandera ponía a serenar el hinojo tierno con la malva de olor. [...] Sólo un cordero no se acercó a la fuente. Arrodiado al pie de los laureles, quejábese con moribundo balido, y la pastora, con los ojos fijos en el sendero por donde se alejó el peregrino, lloraba cándidamente. (*Flor de Santidad*, pp.109-110).

Tamén en *Flor de Santidad*, Valle sitúa loureiros na beira do camiño que conduce ao muíño de Cela:

Los pardales revolotean a lo largo y se posan en bandadas sobre los valladares de laurel, derramando con el pico el agua de la lluvia que aún queda en las hojas. (*Flor de Santidad*, p. 96).

<sup>65</sup> O único bosque case puro de loureiros da Península Ibé-

rica, co sotobosque cuberto de hedras, encóntrase na illa de Cortegada (Ría de Arousa).

Segundo as crenzas populares, o loureiro presenta virtudes protectoras similares ás da oliveira;<sup>66</sup> con ambas especies fórmase o ramo do Domingo de Ramos. Antigamente colocábase unha coroa de loureiro, como símbolo de triunfo, na fronte dos heroes.<sup>67</sup> En *Los Cruzados de la Causa*, Minguíños, un vello compañeiro de estudos do Marqués de Bradomín, recorda emocionado os xogos guerreiros que compartiron na infancia:

Y sin envidia, y sin rencor... Comprendía que el lauro debía ser para esa frente... ¡Señor Marqués de Bradomín, Xavierito de mi vida! (*Los Cruzados de la Causa*, p. 98).

Na seguinte frase de *Romance de Lobos*, Fuso Negro compara o corazón de Don Juan Manuel, desolado pola cobiza e a maldade dos seus fillos, cun loureiro:

Aun cuando lo arrancaren del pecho con los dientes, vuelve a nacer. Retoña como un verde laurel... ¡No hay que tener miedo! (*Romance de Lobos*, p. 133).

## NOGUEIRA

Ádega e a pousadeira, seguindo as recomendacións do saudador de Cela, acoden co rabaño á fonte de San Gundián para romper o encantamento das ovellas.

<sup>66</sup> Nas cortes cólgase un ramo de loureiro para preservar o gando das desgrazas; colócase na porta de tendas e tabernas para favorecer o comercio; quémase para evitar os males que pode ocasionar a tormenta;ponse sobre o tellado ó rematar a construción dunha casa, etc. O loureiro tamén era utilizado nos velorios para facer aspersión de auga bendita sobre o cadáver.

<sup>67</sup> As coroas de recordatorio das persoas ilustres son frecuentemente de pólas de loureiro. Tamén se facían, para os estudantes que remataban os estudos de humanidades, coroas con ramos frutificados de loureiro, o que deu lugar aos *Bacca Laureatus*, de loureiro con bagas, ou bachareis.

Desde lejos se distinguía la espadaña de la iglesia dominando las copas oscuras de los viejos nogales. [...] A espaldas de la iglesia estaba la fuente sombreada por un nogal<sup>68</sup> que acaso contaba la edad de las campanas, y bajo la luz blanca de la luna, la copa oscura del árbol extendíase patriarcal y clemente sobre las aguas verdeantes que parecían murmurar un cuento de brujas. (*Flor de Santidad*, p. 103).



A NOGUEIRA, de nome científico *Juglans regia*,<sup>69</sup> é unha árbore caducifolia da familia das juglandáceas que pode superar os 25 metros de altura e os 100 anos de lonxevidade. Como é o caso das nogueiras que se alzan no horto da Reitoral de Céltigos:

[...] me distraía mirando al huerto, donde cantaba un mirlo que recorría a saltos las ramas de

<sup>68</sup> Aquí Valle-Inclán ten un lapso e sitúa a fonte milagrosa aos pes dunha nogueira, cando antes fixera dicir ao saudador de Cela que estaba á sombra dun carballo: “Para ello es menester llevar el ganado a que beba en fuente que tenga un roble y esté en una encrucijada.” (*Flor de Santidad*, p. 99).

<sup>69</sup> *Jovis glans*, “landra de Xúpiter” era o nome romano das nocces; desta denominación procede o nome xenérico da nogueira. O nome específico significa *propio de reis*. As dúas denominacións refírense ao saboroso do seu froito.

un nogal centenario. [...] El arco iris cubría el huerto, y los nogales oscuros y los mirtos verdes y húmedos parecían temblar en un rayo de anaranjada luz. (“Nochebuena”. *Jardín Umbrío*, p.197).

Florece entre abril e maio; as flores masculinas están dispostas en amentos colgantes e, as femininas, en grupos de ata cinco unidades. O froito, unha drupa chamada vulgarmente *concho*, é verde ao principio<sup>70</sup> pero cando madura —entre setembro e outubro— ennegrece e ábrese por fendas que deixan libre unha única semente ou noz.<sup>71</sup> Cunha noz é comparada MICAELA LA ROJA, unha vella criada, no seguinte retrato:

Es muy vieja, toda arrugada, con ese color oscuro y clásico que tienen las nueces de los nogales centenarios. (*Romance de Lobos*, p. 119).

Orixinaria da zona que se estende dende Grecia ao Himalaia, é unha especie de alto valor histórico, económico, ecolóxico e ornamental que se cultiva dende moi antigo polo seu froito comestible e a súa madeira, dura, escura e de gran calidade, moi apreciada en ebanistería. Presento a continuación citas que ilustran o uso da madeira de nogeira en trabalos de ebanistería e carpintería:

La vieja había dejado la rueca para descolgar las madejas de lino puestas a secar en la rama de un cerezo. ¡Aquellas madejas de antaño, olorosas, morenas, campesinas, que las abuelas deva-

naban en los viejos sarillos de nogal! (“Eulalia”. *Corte de Amor*, p. 62).

Después, cogidos de la mano, subieron en silencio la escalera, y entraron a una sala entarimada de nogal, con tres puertas sobre la solana y ruinosas balconada sobre el río. (“Eulalia”. *Corte de Amor*, p. 62).

Las salas entarimadas de nogal, frías y silenciosas, que conservan todo el año el aroma de las manzanas agrias y otoñales puestas a madurar sobre el alféizar de las ventanas. (*Sonata de otoño*, p. 62).

A la señora, como a todas las mayorazgas campesinas, le gustaban las telas de lino y las guardaba en los arcones de nogal, con las manzanas tabardillas y los membrillos olorosos. (*Flor de Santidad*, p. 145).

En el fondo de la estancia se esboza la cama antigua, de nogal tallado y lustroso. [...] Una cama antigua, de nogal tallado y lustroso, se destaca en el fondo, entre cortinajes de damasco carmesí, que parece tener algo de litúrgico, tanto recuerda los viejos pendones parroquiales. (*Águila de Blasón*, pp. 70-132).

En el fondo, bajo los cortinajes de damasco carmesí, que tienen algo de litúrgico, abandonada y fría aparece la cama antigua, de nogal tallado y lustroso. (*Romance de Lobos*, p. 111).


## ÉBANO

En “Beatriz” aparece citada a madeira de ébano no parágrafo que relata a posesión demoníaca da protagonista:

La niña, con los ojos extraviados y el cabello destrenzándose sobre los hombros, se retorció. Su rubia y magdalénica cabeza golpeaba contra el entarimado, y de la frente yerta y angustiada manaba un hilo de sangre. Retorcíase bajo la mirada muerta e intensa del Cristo: Un Cristo de ébano y marfil, con cabellera humana, los divinos pies iluminados por agonizante lamparilla de plata. Beatriz evocaba el recuerdo de aquellas blancas y legendarias

<sup>70</sup> A casca e os conchos verdes empregáronse como astrinxentes e tamén para extraer nogalina, un verniz empregado para tinguir pel, lá e madeira.

<sup>71</sup> Na súa composición destacan os aceites (ácidos graxos saturados e insaturados), proteínas, vitaminas (B<sub>1</sub>, B<sub>2</sub>, B<sub>3</sub> e principalmente B<sub>6</sub>) e minerais (potasio, fósforo, magnesio e calcio). Entre os ácidos graxos insaturados da noz destacan o linoleico e o linoléico, que reducen o nivel de colesterol e triglicéridos en sangue.



*Diospyros mesmiliiformis*

princesas, santas de trece años ya tentadas por Satanás. (“Beatriz”. *Jardín Umbrío*, p. 98).

A denominación de ÉBANO aplícase dende a antigüidade á madeira negra producida por varias especies arbóreas pertencentes ao xénero *Diospyros* da familia das ebenáceas, que viven nas rexións tropicais do Vello Mundo.<sup>72</sup> O ébano orixinal é probablemente o que produce *Diospyros ebenum*, ÉBANO DE CEILÁN, que presenta unha das madeiras máis duras e pesadas do mundo.<sup>73</sup> Esta árbore de gran talla, orixinaria de India e Sri Lanka, é unha especie protexida e só se permite a exportación de pequenas cantidades para a fabricación de instrumentos musicais de moita calidade. O

<sup>72</sup> Só os *Diospyros* de madeira negra poden considerarse como ébanos. Os caquis (*Diospyros kaki*), por exemplo, aínda que moi próximos taxonómicamente, non o son.

<sup>73</sup> Non flota na auga, pois ten unha densidade de 1,5 g/cm<sup>3</sup> -máis de tres veces a densidade do piñeiro e dúas veces á da teca—.

ébano, que na actualidade provén maioritariamente de especies africanas, utilízase en ebanistería — voz que procede do nome desta madeira—, escultura, fabricación de instrumentos musicais, marquetería e pezas para xogos de xadrez, damas, etc.

## CANELEIRO

Clama chorosa e solemne MARI-GAILA ante o cadáver de JUANA LA REINA:

¡Cuñada, flor de los caminos, ya estás a la vera de Dios Nuestro Señor! ¡Cuñada, que tantos trabajos asaste, ya tienes regalo a su mesa! ¡Ya estás en el baile de los ángeles! ¡De hoy más tu pan es pan con huevos y canela! ¡Ay cuñada, quién como tú pudiese estar a oír los cuentos divertidos de San Pedro! (*Divinas Palabras*, p. 69).

O CANELEIRO DE CEILÁN, *Cinnamomum zeylanicum*,<sup>74</sup> é unha pequena árbore perennifolia de ata dez metros de altura que pertence á familia das lauráceas. As follas son simples, coriáceas e aromáticas; as flores son hermafroditas e preséntanse agrupadas en panículas. A súa codia interna desecada<sup>75</sup> aprovéitase como especia.<sup>76</sup>

<sup>74</sup> O nome xenérico débese a *kinamón* —o nome desta especie en grego—; e o nome específico deriva de Ceilán (actualmente, Sri Lanka) o seu lugar de orixe.

<sup>75</sup> A codia córtase en tiras longas e déixase fermentar. Pasadas 24 horas, sepárase a capa exterior e déixase secar a capa interna. As codias secas enrólanse formando barras de aproximadamente un metro de largo.

<sup>76</sup> Ademais da canela, as especias que desempeñaron un papel económico moi importante no pasado foron a *pementa*, a *noz moscada*, o *cravo*, o *xenxibre*, o *cardamomo*, o *azafrán* e, dende a conquista de México, a *vainilla*. As especias foron moi valoradas na antigüidade por diversos motivos, entre os que destacan o seu emprego como conservante da carne do gando -ao que había que sacrificar cando chegaba o inverno por falta de forraxe para alimentalo—; o seu uso como ingrediente de moitos medicamentos da farmacopea occidental -atribuíanse ás especias propiedades curativas, afrodisíacas e máxicas—; e, finalmente, a súa

Detrás, pueblan el sórdido anaquel velas de sebo y serones de higos, botillería, especies y tachuelas. Ludovina dormita tras el mostrador, con el gato en la falda. (*Cara de Plata*, p. 99).

Os árabes empregaban a canela para aromatizar e conservar a carne, pois contén un aceite esencial rico en *fenol* que inhibe o crecemento das bacterias responsables da putrefacción da carne. Na cociña emprégase para aromatizar postres, como arroz con leite, leite frita, batidos de xeadó, bebidas de chocolate, café, etc. O mesmo que outras especies, era moi apreciada polas súas virtudes medicinais e formaba parte de numerosos medicamentos.<sup>77</sup> Un remedio de moito prestixio na medicina popular era o viño quente con canela. Nunha escena de *Cara de Plata* o sancristán, que finxe estar enfermo, pídelles a súa muller:

Téplame una gota de vino con canela, piadosa mujer desconsolada. (*Cara de Plata*, p. 130).

Nos seguintes exemplos Valle refírese á canela co significado de cousa saborosa e apetecible:

FUSO NEGRO.— ¡Touporroutou! ¡Ay, canela! ¡Dame para un vaso!

SABELITA.— No tengo. (*Cara de Plata*, p. 97).

MARI-GAILA *enjúgase los labios con un pico del pañuelo que lleva a la cabeza, recibe la taza desbordante y roja de manos del ladino viejo y bebe, gorjeando el vino en la garganta.*

---

utilización para condimentar os alimentos —para facer máis saborosa unha comida pouco variada e, moitas veces, en mal estado—.

<sup>77</sup> Emplegouse como sudorípara, dixestiva, relaxante -nalgunhas zonas rurais usábase para durmir aos nenos cando as nais tiñan que saír a traballar ao campo— e para regularizar as menstruacións; tamén foi moi utilizada para elaborar pastas dentais pois a canela, ademais de desinfectante, é excelente para sedar e cicatrizar as lesións das papilas gustativas da lingua, principalmente as abrasións ocasionadas por comidas e bebidas quentes. A canela tamén se consideraba afrodisíaca.

MARI-GAILA.— ¡Es canela! (*Divinas Palabras*, p. 88).

SIMONIÑA.— Póngase en pie, y no me pellizque las piernas.

PEDRO GAILO.— ¡Eres canela! (*Divinas Palabras*, p. 102).

## CAFEEIRA

En “Ligazón” aparece a seguinte conversa entre LA RAPOSA e a LA VENTERA:

LA VENTERA.— ¡Empanada de chicharrones y blanco de Rueda!

LA RAPOSA.— ¡Cafelito y anisete!

LA VENTERA.— Un cocimiento de salvia es mejor para el flato.

LA RAPOSA.— ¡El cafelito no me lo niegue, comadre! (“Ligazón”. *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 67).

O café é unha bebida estimulante que se elabora coas sementes, molidas e tostadas, de varias especies de plantas —denominadas co termo xenérico de CAFEEIRA— pertencentes ao xénero *Coffea*, da familia das rubiáceas. Este xénero agrupa máis de 80 especies de árbores ou arbustos orixinarios de África ou de Asia. Dúas destas especies, *Coffea arabica* e *Coffea canephora*, son cultivadas para obter os grans de café. A CAFEEIRA DE ARABIA ou común, *C. arabica*, é unha árbore de menos de nove metros de altura, que medra á sombra doutras máis grandes. As ramas presentan follas elípticas e persistentes con flores brancas nas súas axilas. Os froitos, que conteñen dous grans enfrontados, son bagas de polpa doce e de cor encarnado vivo, que pasa a violeta cando maduran. A cafeeira é probablemente orixinario da provincia de Kala, en Etiopía<sup>78</sup> —antigamente Abisi-

<sup>78</sup> Varias lendas contan que un pastor de Abisinia observou o efecto tónico duns pequenos froitos encarnados nas cabras que os consumían.

nia—. O cultivo estendeuse en primeiro lugar á veciña Arabia, onde se popularizou aproveitando a prohibición do alcohol polo Islam. Parece ser que se empezou a consumir como bebida no século XII.<sup>79</sup> No século XV, os musulmáns introduciron o café en Persia, Exipto e outros lugares do norte de África, e Turquía, donde se abriu, no ano 1475 en Constantinopla, a primeira cafetería: o *Kiva Han*. O café chegou a Europa arredor do ano 1600, grazas aos mercadores venecianos.<sup>80</sup> A primeira cafetería do Reino Unido abriu en Londres no ano 1652.<sup>81</sup> O *Café Procope*, inaugurado



*Coffea arabica*

<sup>79</sup> En 1583, Léonard Rauwolf, un médico alemán que viaxou dez anos por Oriente Medio, foi o primeiro occidental que describiu este brevaxe: “Unha bebida tan negra como a tinta, útil contra numerosos males, en particular os de estómago. Os consumidores tómanos pola mañá, nun recipiente de porcelana que pasa duns a outros e do que cada un se serve un vaso cheo. Está formada por auga e o froito dun arbusto chamado bunnú.”

<sup>80</sup> Algúns sacerdotes católicos aconsellaron ao Papa Clemente VIII que prohibira o seu consumo, pois era bebida de infieis e unha invención de Satanás para substituír ao viño —bebida santificada por Xesús—. Pero despois de probalo, o Papa bendicía a nova bebida, declarando que sería unha mágoa deixar este pracer só aos infieis.

en París no ano 1686, iniciou o método de preparación desta bebida facendo pasar auga quente a través dun filtro con café moído. A mediados do século XVIII tódalas cidades europeas tiñan cafeterías. Escribe Valle na primeira acotación de “La Cabeza del Bautista”:

La Bandera Roja y Gualda, café y billares del Indiano. DON IGI EL GACHUPÍN, le decían en las tierras remotas por donde anduvo. DON IGI hace cuentas tras el mostrador, tiene un rictus de fantoche triste y hepático. (“La Cabeza del Bautista”. *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 154).

Máis tarde fala DON IGI, con EL JÁNDALO:

Trabajando sin ver fruto. Arruinándome por dotar a este pueblo de café y billares. Un progreso que no saben estimar. (“La Cabeza del Bautista”. *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 156).

### CANA DE INDIAS

A Condesa de Cela, Amada de Camarasa, recorda cando coñeceu en Lisboa a Don Miguel de Montenegro:

Era ella una niña, y habíale quedado muy presente la sombría figura de aquel emigrado español de erguido talle y ademán altivo, que todas las mañanas se paseaba con el poeta Espronceda en el atrio de la catedral, y no daba un paso sin golpear fieramente el suelo con la contera de su caña de Indias. (“Rosarito”. *Jardín Umbrío*, p. 158).

<sup>81</sup> Segundo algúns autores, as cafeterías foron o berce das ideas liberais, pois convertéronse en lugares de reunión -de filósofos e letrados—, nos que circulaban ideas subversivas. Por esta razón, pero citando crimes contra o rei e contra a coroa, o fiscal do rei Carlos II pediu en 1676 o cerre das cafeterías. A forte reacción popular en contra, logrou que este edito de peche fora revocado.



*Calamus rotang*

Existen varias especies coa denominación de CANA DE INDIAS, pero só se fabrican bastóns co talo de *Calamus rotang*, unha árbore rubideira ou liana que habita nos bosques ecuatoriais de África e do sueste asiático. Presenta un tronco de poucos centímetros de diámetro, pero moi longo —ata 250 metros—, cuberto de prolongacións espiñosas coas que a planta se adhire as árbores próximas. Os finos troncos, que teñen un grosor moi uniforme e son extremadamente flexibles e resistentes, son utilizados polos indíxenas para fabricar utensilios de pesca, pontes colgantes, esteras, etc. En Europa utilízanse para fabricar mobles, bastóns, mangos de paraugas, etc. A seguinte acotación informa do atropelo de EL SEÑOR GINERO polo cabalo de CARA DE PLATA:

Volviendo grupas hincó las espuelas al caballo y sale al galope, atropellando a un viejo con antiparras y sombrero de copa, que camina apoyado en una caña de Indias. (*Águila de Blasón*, p. 111).

## CAMPECHE

El párroco insistía en que habían de probar el vino de su cosecha, y acabó por incomodarse. Mejor no se hacía en diez leguas a la redonda. Era puro como lo daba Dios, sin porquerías de aguardientes, ni de azúcares, ni de campeche... («El Rey de la Máscara». *Jardín Umbrío*, p. 114).

O CAMPECHE,<sup>82</sup> *Haematoxylum campechianum*, é unha pequena árbore tropical americano pertencente a familia das leguminosas. Presenta ramas espiñosas, follas caducas e flores amarelas lixeiramente perfumadas. O campeche caracterízase pola súa madeira moi dura e pesada. A albura é de cor clara e o duramen laranxa, volvéndose vermello escuro coa exposición ao aire. Por decocción da madeira pulverizada do duramen extráese unha substancia colorante coñecida como campeche ou hematina. A cor do colorante pode ser vermella, azul, violeta, gris ou negra dependendo do mordente utilizado. No século XVIII, o 95% da seda, algodón, lá e coiro tinguidos de negro, estaban tratados con estrato de campeche, unha pasta negra semellante á pez. Tamén se emprega para elaborar hematoxilina, un colorante biolóxico moi utilizado. O seu consumo decaeu despois da Segunda Guerra Mundial ao ser substituído por colorantes sintéticos.

<sup>82</sup> Despois da conquista de México, os españois exportaban a Europa cantidades moi importantes deste colorante, que debe o seu nome ao porto mexicano de Campeche onde se embarcaba a súa madeira no século XVII.



*Haematoxylon campechianum*

## ARBUSTOS

O sancristán BLAS DE MIGUEZ, que se finxe moribundo, exclama, referíndose aos seus fillos:

¡Niños huérfanos! ¡Arbustos delicados!  
(*Cara de Plata*, pax.130).

En botánica a palabra arbusto designa a plantas leñosas que se ramifican dende a base. Xeralmente non sobrepasan os cinco metros de altura.

El vientecillo gentil que los traía estremecía los arbustos, sin despertar los pájaros que dormían en ellos. (“Rosarito”. *Jardín Umbrío*, p. 165).

Nas obras analizadas atopei referencias a xestas, toxos, silveiras, carrascas, xaras e buxos, arbustos con moita presenza na nosa comunidade, especialmente os catro primeiros.

### XESTA

Amaro, un santo eremita, camiña en compañía de Xesús:

Y viendo a un zagal que llegaba por medio de una gándara donde crecían amarillas retamas, sentose a esperarle. El Señor Jesucristo se detuvo también:

-Amaro, un poco de ánimo y llegamos a la aldea. (“Un Ejemplo”. *Jardín Umbrío*, p. 192).

Co nome común de XESTAS denomínanse varios arbustos semellantes de distintas especies de leguminosas dos xéneros *Cytisus* e *Genista*. Os froitos son legumes planos e pilosos e as flores presentan a corola típica da familia das papilionáceas.<sup>83</sup> Entre as especies do

xénero *Cytisus* con flores amarelas<sup>84</sup> podemos destacar *C. scoparius*<sup>85</sup> e *C. striatus*, coñecidas normalmente como *xestas amarelas*, polas vistosas flores amarelas (chorimas) que amosan entre febreiro e xuño; outras veces noméanse *xestas negras*, debido a cor escura do seu legume. A especie máis representativa do xénero *Genista* é *G. florida*, un arbusto moi abundante no interior de Galicia, onde podemos observar entre abril e xuño as súas flores amarelas. Os seus froitos están recubertos por unha pilosidade de cor clara, polo que vulgarmente se denomina *pudiva* ou *xesta branca*. As xestas empréganse para facer va-soiras. Existe a crenza de que purifican as casas e escorrentan ás bruxas, polo que coas súas ramas bárrese a entrada das casas e as habitacións que se desexa purificar e protexer.<sup>86</sup> Atopei dúas mencións á xesta amarela, unha aparece na cita que encabeza este apartado e a outra, na seguinte acotación de *Divinas Palabras*:

En lo alto de unas peñas cubiertas de retama amarilla, destaca sobre el sol un pastor negro,

chámanse *ás*, e os 2 pétalos inferiores están unidos formando a *quilla*.

<sup>84</sup> As especies deste xénero con flores brancas denomínanse vulgarmente PIORNOS ou CODESOS, como é o caso de *Cytisus multiflorus* piorno ou codeso branco, que florece entre abril e xuño en breixos e piñeirais do interior e sur de Galicia.

<sup>85</sup> Esta xesta, presente en todo o territorio galego, é unha planta moi tóxica e o seu uso terapéutico debe ser sempre baixo control médico. Emprégase en casos de insuficiencia cardíaca e, tamén, como un estimulante da musculatura lisa do intestino delgado e do útero, polo que se administra para facilitar o parto. As flores, por ser diuréticas, son recomendables en caso de edemas e hidropisía. Esta comprobado que o *sulfato de esparteína*, un dos moitos alcaloides presentes nas súas sementes, ten unha forte acción antivelenosa -os pastores de certas rexións saben que as ovellas presentan certa inmunidade á mordedura das víboras despois de ramonear estas xestas—.

<sup>86</sup> Xa eran arbustos sagrados para os druídas celtas. Existiu o curioso costume de queimar flores de xesta para calmar o vento.

<sup>83</sup> A corola das papilionáceas é irregular (cigomorfa) e está formada por 5 pétalos: o superior denomínase *estandarte*, os laterais



*Cytisus scoparius*

volteando la honda, y a su lado el galgo también negro. (*Divinas Palabras*, p. 136).

## Toxo

Presento textos de *Flor de Santidad* nos que se cita este arbusto tan representativo das nosas paisaxes.

Movida por la presencia del peregrino, se levantó del suelo, y echando el rebaño por delante tomó a su vez camino de la venta, un sendero entre tojós trillado por los zuecos de los pastores. [...] El peregrino caminaba despacio y con fatiga por aquel sendero entre tojós. [...] Alabado sea Dios!... ¡Cómo viene de los tojós y las zarzas!... (*Flor de Santidad*, pp. 79, 101 e 105).

Coñécense co nome vulgar de TOXOS varias especies do xénero *Ulex*,<sup>87</sup> pertencentes,

<sup>87</sup> Este xénero está representado en Galicia por 4 especies. O TOXO ARNAL, *Ulex europaeus*, o de maior tamaño —ata tres metros de altura—, é un endemismo galego que florece en todos

o mesmo cás xestas, á familia das papilionáceas. Forman matogueiras de ata tres metros de altura, caracterizadas pola presenza de vistosas flores amarela e follas transformadas en espiñas —unha adaptación das plantas para defenderse dos herbívoros—. Alúdese ao carácter punzante dos toxos nos textos que seguen:

Trae el vellón peinado por los tojós y las zarzas del monte. (“Tragedia de Ensueño”. *Jardín Umbrío*, p. 86).


CARA DE PLATA.— Ayúdame a ver que tiene este maldito cadelo, pues viene cojo.

SABELITA.— Si entró por las tojeras, será alguna espina. (*Cara de Plata*, p. 57).

Por medrar en solos de baixa fertilidade e descompoñerse mellor que fentos, xestas e carrascas, foron moi empregados para estrar as cortes do gando e utilizar despois como abono o estrume formado ao mesturarse os toxos cos excrementos dos animais. Este uso como fertilizante otorgoulles unha gran importancia na economía labrega e foi a razón de que se repoboaran con toxos os montes incultos durante o século XIX. Estes arbustos tamén se usaron como combustible, utilidade que ilustran os seguintes textos:

Es la casa de Don Pedro Bolaño. Es la hora en que las gallinas se recogen con el gallo mocero. Arde una lumbrada de tojós en la gran cocina, ahumada de cien años, que dice con sus hornos y su vasto lar holgura y labranzas. (“El Embrujado”. *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 138).

os montes do noso país entre febreiro e xuño. O TOXO FEMIA, *Ulex gallii*, de ata metro e medio de altura, atópase unicamente nas provincias do norte e florece en verán. Os máis pequenos son o TOXO GATEÑO, *Ulex minor*, que amosa as súas flores durante todo o ano, e *Ulex micranthus*, un endemismo do sur de Galicia e norte de Portugal, que florece entre marzo e agosto.



*Ulex europaeus*

O cura de San Rosendo de Gondar emprega un feixe de toxo para incinerar o cadáver do abade de Bradomín:

Quitóse el levitón, y empuñando una horquilla bajó a la bodega. Al poco volvió con un inmenso haz de tojo y otro de paja. (“El Rey de la Máscara”. *Jardín Umbrío*, p. 117).

Os toxos son vexetais pirófitos, pois arden con facilidade e agroman con rapidez despois dos incendios. Os brotes tenros serven para alimentar ao gando. Durante a súa primeira conversa co peregrino, Ádega

Se interrumpió de intento para acuciar las vacas, que paradas de través en el sendero alargaban el yugo sobre los tojós, buscando los brotes nuevos. (*Flor de Santidad*, p. 80).

As toxeiros tamén proporcionan refuxio a moitos animais. Nunha pasaxe de *Flor de San-*

*tidad*, ambientada na cociña do Pazo de Brando durante a véspera dunha cacería de lobos, lemos o seguinte:

[...] el criado de las vacas, al otro lado del hogar, endurece en las lenguas de la llama una vara de roble, para calzar en ella el hocino. Armado de esta suerte irá en la cacería, y entrarás con los perros por los tojares donde los lobos tienen su cubil. (*Flor de Santidad*, pp. 141 e 142).

Este arbusto aparece citado en sentido figurado cando Electus, o cego de Gondar, responde ás ameazas de Malvín:

¡Tojos bravos! ¡Piedras sin alma! ¡Dejad al ciego que recoja su pan por el camino! ¡En esta noche oscura no puede ver ni la mano que le daña, ni la que le concede el bien de caridad! (“El Embrujado”. *Retablo de la Avaricia, la Lujuria y la Muerte*, p. 106).

## SILVEIRA

Valle menciona as silveiras neste texto alusivo á primavera:

[...] aquella que cantaba en las ramas y dormía en los nidos; que se bañaba en las fuentes con risas de alborada, y dejaba en los zarzales su carne de flores: mariposa blanca, alondra cantora, juvenilia de luz, alma de aromas... (“Lluvia”. *Varia-Prosa*, p. 1444).

Áplicase a denominación de SILVAS ou SILVEIRAS a un conxunto de plantas agrupadas no xénero *Rubus*,<sup>88</sup> da familia das rosáceas. Son arbustos perennes que se caracterizan

<sup>88</sup> Non sinalo ningunha especie concreta porque os cambios evolutivos tan rápidos que está experimentando este xénero complica moito a clasificación. A evolución acelerada das silveiras presenta unha importancia científica tan grande que se creou unha rama da botánica especializada no estudio destas plantas, a *batoluxía* (do grego *bátos*, silva).

polas espiñas dos seus talos. Ás espiñas refírese indirectamente o seguinte texto:

Trae el vellón peinado por los tojos y las zarzas del monte. (“Tragedia de Ensueño”. *Jardín Umbrío*, p. 86).

Unha escena que evoca a natureza lace-rante das silveiras aparece en *Sonata de Otoño*: Don Juan Manuel cae do cabalo e o seu corpo, enganchado por un pé no estribo, é arrastrado polo asustado animal:

Los zarzales que orillaban el camino producían un sonido sordo cuando el cuerpo de Don Juan Manuel pasaba batiendo contra ellos. (*Sonata de Otoño*, p. 85).

Os seus froitos comestibles, as amoras,<sup>89</sup> están formados por moitos carpelos carnosos dispostos en forma de glomérulo.<sup>90</sup> Cando Ádega vagabundeia polos camiños en busca de amo, encóntrase cunha vella que sentencia:

Los amos no se atopan andando por los caminos. Así atópanse solamente moras en los zarzales.<sup>91</sup> (*Flor de Santidad*, p. 126).

Os seguintes textos presentan ás silveiras como posibles refuxios:

Tuvo que cruzar alegres veredas y umbrías trochas, donde a cada momento se asustaba del ruído que hacían los lagartos al esconderse entre los zarzales y de los perros que asomaban sobre

<sup>89</sup> As amoras soen consumirse frescas ou en marmeladas. Por ser ricas en ácido ascórbico (vitamina C), teñen propiedades antiescorbúticas.

<sup>90</sup> As agrupacións de froitos procedentes de distintas flores, denomínanche *infrutescencias*. As moras e os figos son infrutescencias.

<sup>91</sup> Ádega volve a escoitar a mesma sentenza no Pazo de Brandeso (*El Marqués de Bradomín*, p. 211), pero pronunciada, nesta ocasión, por LA QUEMADA, unha mendiga.



*Rubus* sp.

las bardas, y de los rapaces pedigüeños que pasaban desgreñados, lastimeros, con los labios negros de moras... (“Eulalia”. *Corte de Amor*, p. 54).

Las luciérnagas brillaban inmóviles entre los zarzales de camino. (“Eulalia”. *Corte de Amor*, p. 80).

Jacobo Ponte entró, silbando a los perros que se quedaban en el camino y horadaban los zarzales, de donde salían algunos pájaros asustados. (“Eulalia”. *Corte de Amor*, p. 66).

Cuando retornaba al molino, el segundón columbró dos bultos que saltaban la cerca, seguidos de un perro. Los bultos agazapáronse entre las zarzas, y el perro quedó avizorando el camino. [...] El perro huyó con las orejas altas, después de lanzar algunos ladridos, y el segundón cateó entre los zarzales que orillaban la vereda. (*Los Cruzados de la Causa*, p. 189).

De pronto, moviéronse las zarzas de un seto separadas con fuerza, y una sombra saltó en mitad del camino. (“A Media Noche”. *Jardín Umbrío*, p. 143).

En “Tragedia de Ensueño”, as silveiras serven de tendal para madeixas de liño:

A mí me dio una madeja de lino, y al recogerla del zarzal donde la había puesto a secar, un pájaro negro se la llevó en el pico... (“Tragedia de Ensueño”. *Jardín Umbrío*, p. 81).

## XARA

Cuece la borona en algún horno, y el humo de las jaras monteses perfuma el casal que se despierta. (*Divinas Palabras*, p. 77).

Reciben o nome de XARA ou CARPAZA diversas plantas arbustivas do xénero *Cistus* que forman matogueiras espesas no sotobosque mediterráneo. Presentan follas persistentes, flores hermafroditas con cinco grandes pétalos caedizos e froitos formados por 5 ou 10 valvas cheas de sementes. As xaras desenvólvense sempre en solos ácidos (granitos, lousas, xistos e gneis). Algunhas son pioneiras na



*Cistus ladanifer*

recuperación dos solos despois dun incendio forestal; de feito a súa expansión vese favorecida polos incendios, pois son especies pirófitas con sementes que xerminan mellor despois de ser afectadas polo lume. En Galicia atópanse tres especies deste xénero: *Cistus psilosepalus*, *Cistus salvifolius* e *Cistus ladanifer*. As dúas primeiras, denominadas vulgarmente CARPAZA, son pequenos arbustos de menos dun metro de altura frecuentes en piñeirais e lugares secos que, entre abril e xuño, amosan flores duns dous centímetros de diámetro, con cinco sépalos e cinco pétalos brancos; *C. ladanifer*, un arbusto viscoso e recendente que pode acadar os dous metros de altura, recibe o nome de ESTEVA<sup>92</sup> nas zonas con clima mediterráneo do sur da nosa comunidade, onde presenta, entre maio e xuño, grandes flores — de ata dez centímetros de diámetro— provistas de tres sépalos e cinco pétalos brancos cunha mancha negra na base. A súa madeira é durísima polo que se emprega na fabricación de pequenas ferramentas e pezas moi resistentes ao rozamento. A leña das xaras é un combustible excelente; tódalas mencións deste vexetal que aparecen na obra de Valle fan referencia ao seu emprego con esta finalidade:

Apenas entramos, el mayordomo volvió a salir por las aforjas. Yo me acerqué al hogar donde ardía un fuego miserable. La pobre mujer avivó el rescoldo y trajo un brazado de jara verde y mojada, que empezó a dar humo, chisporroteando. (*Sonata de Otoño*, p. 35).

Destacábase sobre el rojizo resplandor de la jara que restallaba en el hogar, con un pañuelo atado a la frente y los brazos desnudos, llenos de sangre. (*Flor de Santidad*, p. 104).

Encorvado sobre el fuego, iba añadiendo brazados de jara seca, mientras el hijo, allá en el

<sup>92</sup> A *esteva* (en español *estepa*) produce unha sustancia pegañosa, o ládano, un aceite moi oloroso que se ten empregado en xaropes para a tose.

fondo arrebolado en la cocina, sujetaba las patas del cordero con la jereta de las vacas. [...] Restallaba la jara entre las lenguas de la llama, y la vieja limpiábase los ojos que hacía llorar el humo. (*Flor de Santidad*, p. 114).

## CARRASCA


Só localicei citas deste arbusto en “Mi bisabuelo”. Neste conto Don Manuel Bermudez y Bolaño, bisavó do narrador, mata dun disparo ao odiado Malvido, un escribán que emprega documentos e testemuñas falsas para roubar as terras dos labregos.

-¡Acaba con nos! ¿No sabemos ya dónde ir a rozar las carrascas, ni donde llevar los ganados! Por puertas nos deja a todos los labradores el escribano Malvido. (“Mi Bisabuelo”. *Jardín Umbrío*, p. 149).

O termo CARRASCA é unha das designacións vulgares<sup>93</sup> de varias especies da familia das ericáceas, a maioría pertencentes ao xénero *Erica*<sup>94</sup>. Comprende arbustos de pequenas follas simples e persistentes, flores regulares con pétalos soldados de cor rosada ou branca e froitos en cápsula ou baga. As carrascas teñen importancia ecolóxica como formadoras e protectoras do solo. Ademais poden empregarse como cama e como alimento para o gando. A súa madeira, dura e pesada, constitúe un bo combustible e da un carbón de excelente calidade. Presenta unha

<sup>93</sup> Outras denominacións son: *breixo*, *queiruga*, *queiroa*, *carroucha*, *carpaça*, *uz*, *urce* e *torga*.

<sup>94</sup> A carrasca máis abundante no noso territorio é *Erica cinerea*, un pequeno arbusto de ata 70 centímetros de altura que, de maio a setembro, amosa pequenos acios de flores con corola violácea. Tamén é moi abondosa *Erica arborea*, un arbusto grande —ata 4 metros de altura— con flores brancas que aparecen entre marzo e xuño. Un dos principais compoñentes do monte baixo galego é *Calluna vulgaris*, pequeno arbusto que presenta flores rosadas de setembro a outubro; utilizouse como diurética e para a obtención de tintura.



*Erica cinerea*

cepa grossa baixo terra que se emprega para fabricar pipas de fumar. Ten tamén aplicacións na medicina popular. Os seguintes textos refírense aos feixes de carrascas que cargan mulleres e nenos, seguramente para usar como combustible ou de cama para o gando:

Se acercaron otras mujeres y unos niños que volvían del monte agobiados bajo grandes haces de carrascas. (“Mi Bisabuelo”. *Jardín Umbrío*, p. 148).

Las mujeres que portaban los haces de carrascas, juntas con otras que volvían de los mercados, formaban corro en torno del ciego labrador, y a lo lejos una cuadrilla de cavadores escuchaba en la linde de la heredad descansando sobre las azadas. (“Mi Bisabuelo”. *Jardín Umbrío*, p. 149)

Al pronto todos callaron, pero de repente una mujer gritó dejando caer su haz de carrascas y mesándose: (“Mi Bisabuelo”. *Jardín Umbrío*, p. 150).

-Estas *carrascas* habían de ser para quemar vivo a ese ladrón de los pobres! (“Mi Bisabuelo”. *Jardín Umbrío*, p. 151).

## BUXO

El criado de las vacas, al mismo tiempo que sumerge en el caldo la cuchara de *boj*, mueve gravemente la cabeza: (*Flor de Santidad*, p. 139).

O BUXO, *Buxus sempervirens*, é un arbusto perennifolio de crecemento lento e olor suave moi característico. Esta especie orixinaria de Europa presenta un talo moi ramificado con follas coriáceas de cor verde escuro e sabor moi amargo.<sup>95</sup> É unha planta monoica que



<sup>95</sup> O buxo utilizouse no pasado como purgante, febrífugo e vermífugo; pero é unha planta moi tóxica e o seu consumo pode resultar fatal. As follas e os froitos conteñen varios alcaloides, especialmente ciclobuxina D, que acada concentracións do 3% nas follas -a ciclobuxina é letal en doses de 0,1 mg por quilogramo de masa.

florece a principios de primavera con inflorescencias, formadas por varias flores masculinas e unha feminina, que medran nas axilas das follas. O froito é unha cápsula con moitas sementes. Utilízase como ornamental en xardinería,<sup>96</sup> e a súa madeira, dura, compacta, pesada e de gran moi fino, empregouse moito para realizar esculturas, xilografías, fusos, palillos para facer puntilla, buxainas, culleres... As citas que localicei deste arbusto refírense sempre a culleres elaboradas coa súa madeira:

Los criados con las cabezas inclinadas, sorbiendo las berzas en las cucharas de *boj*, musitan alabanzas de aquel fuero generoso que viene desde el tiempo de los bisabuelos. (*Flor de Santidad*, p. 140).

Sentados en torno del hogar, los criados dan fin a los cuencos de fabada y sorben las últimas berzas pegadas a las cucharas de *boj*. (*Águila de Blason*, p. 96).

## CANA

En unas angarillas traían un espantajo, vestido de rey o emperador, con corona de papel y cetro de *caña*. [...] Allí en medio de la cocina estaba el rey, grotesco en su inmóvil gravedad, con su corona de papel, su cetro de *caña*, el blanco manto de estopa, la bufonesca faz de cartón... (“El Rey de la Máscara”. *Jardín Umbrío*, p. 114).

A CANA COMÚN *Arundo donax*, é unha especie da familia das gramíneas propia de lugares húmidos. Presenta talos leñosos e ocos de ata 5 metros de altura con grandes follas lanceoladas. As flores, que florecen entre setembro e outubro, agrúpanse en grandes panículas oblongas. Especie orixinaria de Asia, atópase —plantada ou subespontánea— por

<sup>96</sup> Xa era empregado en Grecia e Roma clásicas para formar sebes en xardíns.

todo o territorio galego. Os seguintes textos de *Divinas Palabras* mencionan plantacións de canas ou canaveiras:<sup>97</sup>

No conozco bien estos parajes. ¿Por dónde cae un cañaveral? [...] Los más atrevidos entran por los verdes canavales de la orilla del río, azuzando los perros. (*Divinas Palabras*, pp. 134 e 136).

Emprégase principalmente para atar as vides, pero tamén se utilizaron para elaborar paos de escobas, canas de pescar, foguetes, gaiolas, canizos, palletas para gaitas e outros instrumentos de vento (clarinete, saxofón, óboe e fagot), obtención de pasta de celulosa e biocombustibles;<sup>98</sup> en medicina utilizouse como diurético e para diminuír a produción de leite. Presento a continuación varios textos que ilustran a súa aplicación para construír gaiolas e canizos.<sup>99</sup>

Cuando entraba en el establo, las vacas se arrodillaban mansamente, el perro le lamía las manos, y el mirlo, que la pastora tenía prisionero en una jaula de cañas, cantaba con dulcísimo gorjeo y su voz parecía de cristal. (*Flor de Santidad*, p.101).

En su jaula de cañas colgada sobre la puerta del mirador, silbaban una vieja riveirana los mirlos que cuidaba Florisel. (*Sonata de Otoño*, p. 73).


Sentado en la escalinata, donde verdea el musgo, un zagal de pocos años amaestra con los sonos de su flauta, una nidada de mirlos prisionera en rústica jaula de cañas. (*El Marqués de Bradomín*, p. 181).

Sobre el dintel, prisioneros en su jaula de cañas, silban una vieja riveirana los mirlos que cuida Florisel. (*El Marqués de Bradomín*, p. 249).

Sobre el dintel de la puerta canta un mirlo en su jaula de cañas. (*Águila de Blasón*, p. 99).

Al fondo, separada por viejo cañizo y sobre caballetes de pino emborronados de azul, está la cama: jergón escueto de panocha, sábanas de estopa y manta de remiendos. (*Águila de Blasón*, p. 140).

Un cañizo alto y derrengado ponía separación entre la camada del recental y la camada de la madre. (*Los Cruzados de la Causa*, p. 103).



*Arundo donax*

<sup>97</sup> Tamén denominados canavais e canedos.

<sup>98</sup> Produce máis biomasa por hectárea que a maioría das especies —coa excepción do bambú—, e pode cultivarse nunha ampla variedade de tipos de solos e condicións climáticas, polo que se considera unha materia prima excelente para a produción de biocombustibles.

<sup>99</sup> O canizo é unha estrutura formada por canas dispostas paralelamente e amarradas cun cordel de cánabo.









Vilanova de Arousa

# CUADRANTE

*Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos*

ISSN 1698-3971



P.V.P  
5 €